

**XVIII ASEMBLEA NACIONAL**

**ORGANIZAR**  
**MOCIDADE**  
**EMANCIPAR**  
**GALIZA**

**29 DE NOVEMBRO**



**Galiza  
Nova**

Organización xuvenil do BNG



## 1                   **TESES XVIII ASEMBLEA NACIONAL DA GALIZA NOVA**

### 2   **A EMANCIPACIÓN XUVENIL E A EMANCIPACIÓN NACIONAL COMO** 3   **PROXECTO POLÍTICO**

4   A situación da mocidade galega hoxe está marcada pola precariedade, a  
5   emigración forzosa e a imposibilidade de construímos proxectos de vida dignos  
6   no noso país. Nos últimos dous anos vimos como, lonxe de mellorar, seguiu a  
7   se encarecer o prezo da vivenda, continuamos a ser un dos peores territorios do  
8   Estado en taxa de emancipación xuvenil e o número de mocidade emigrada  
9   segue a aumentar, fomentando a fuga de talentos. Isto non é unha circunstancia  
10   conxuntural, senón a consecuencia directa das dinámicas do sistema capitalista  
11   que conduciron á imposición dun modelo económico neoliberal e do papel de  
12   dependencia da Galiza no Estado español e na Unión Europea, que nos condena  
13   a sermos un país de extracción de recursos e de man de obra barata, en canto  
14   nos nega á mocidade dereitos fundamentais e capacidade de decisión sobre o  
15   noso.

16   O avance da fase actual en que se encontra o sistema capitalista trouxo consigo  
17   unha fonda perda de dereitos laborais e sociais. A especulación financeira, a  
18   deslocalización produtiva, a terciarización da economía e a mercantilización de  
19   todos os aspectos da nosa vida atacan con especial forza a mocidade galega e  
20   ten como consecuencia taxas de paro alarmantes, contratos temporais e salarios  
21   que non chegan para vivirmos dignamente. Isto tradúcese nunha taxa de  
22   emancipación xuvenil que non chega a 15 %, que obriga milleiros de mozos e  
23   mozas a abandonaren o país na procura dun futuro mellor. Non é certo que a  
24   mocidade non queira emanciparse, é o sistema que lle impide facelo.

25   Neste contexto, falar de emancipación xuvenil non pode reducirse a concibir a  
26   independencia persoal como un feito illado, senón que debe ser concibida como  
27   un proceso colectivo de adquisición de dereitos que require mudar radicalmente  
28   a estrutura económica e política que actualmente nos oprime. Só unha sociedade  
29   que garanta emprego digno, vivenda accesíbel, servizos públicos de calidade e  
30   dereitos sociais reais ofrecerá á mocidade un futuro digno. Iso só é posíbel a  
31   través da soberanía nacional, nunha Galiza con capacidade de se gobernar a si  
32   mesma, que se traduce en que a loita pola emancipación xuvenil é inseparábel  
33   da loita pola emancipación nacional e que non hai liberación individual se non  
34   houber liberación colectiva. Por iso, afirmamos que a cuestión nacional e a  
35   cuestión social na Galiza van da man, porque nun país como o noso, que é unha  
36   colonia, todas as loitas sociais pasan a estar enmarcadas dentro da loita pola  
37   liberación nacional. Así, a negación da nosa condición de nación, a dependencia  
38   política e económica e a imposibilidade de decidirmos sobre os nosos recursos  
39   é a forma que adopta a opresión social e o que garante a súa perpetuación.

40   Neste sentido, a emancipación nacional debe ser o noso obxectivo principal,  
41   superando o sistema actual —neoliberal, capitalista, españolista e opresor— e



1 abrindo a porta a unha nova sociedade onde as decisións se tomen en beneficio  
2 das maiorías sociais e das clases populares, non do grande capital. A plena  
3 soberanía nacional permitiría comezar a formular un modelo baseado na  
4 planificación dos recursos, na defensa dos servizos públicos e no control social  
5 do sector financeiro e dos sectores estratéxicos como a enerxía, a pesca, o  
6 monte ou a industria. Así, permitiría a posibilidade dunha vida digna para todas  
7 e para todos.

8 Esta análise debe sintetizarse, para a mocidade galega organizada, nun  
9 proxecto político claro pola emancipación xuvenil e a emancipación nacional, que  
10 avance no camiño de acadar unha Galiza ceibe e soberana. Un proxecto que  
11 impulse un proceso real de transformación social asentado na organización  
12 colectiva e na conciencia nacional, en que cada vez máis persoas se incorporen  
13 á loita común. Un proceso orientado á construción dun país en que os recursos  
14 e oportunidades respondan ás necesidades da súa xente, garantindo un  
15 desenvolvemento xusto e sustentábel. Unha sociedade equitativa en que todas  
16 as persoas que actualmente están atravesadas por diversas formas de opresión  
17 poidan vivir con dignidade, liberdade e igualdade afectiva.

18 Nada disto é posíbel sen autoorganización, ningún dereito foi conseguido nunca  
19 sen ela, pois sempre foron conquistados a través da loita colectiva. Por tanto, a  
20 autoorganización, isto é, a vontade de nos dotarmos de forzas propias a todos  
21 os niveis e en todos os ámbitos (xuvenil, laboral, estudantil, social, cultural...), é  
22 un paso fundamental no camiño da autodeterminación. Articularmos un conxunto  
23 de organizacións soberanas en todo o país permítenos espallar un discurso  
24 común en prol da conciencia nacional e da xustiza social. O principio de  
25 autoorganización é a forza que a Galiza precisa para rachar co Estado español  
26 e co grande capital. Así, a emancipación xuvenil, entendida como traballo  
27 estratéxico dentro do noso proxecto político, é a consecuencia lóxica de articular  
28 a loita social e a loita nacional, de construír unha organización xuvenil forte que  
29 teña claro o seu horizonte e para onde debe enfocar o traballo político, apostando  
30 pola independencia do noso país.

31 Por tanto, estas teses deben servir como folla de ruta para materializar este  
32 obxectivo nos vindeiros dous anos, deixando claro o que e o como, servindo  
33 como guía para facer realidade a República galega en que vivir en igualdade.

## 34 **O CONTEXTO POLÍTICO INTERNACIONAL**

35 O ano 2025, a pouco de finalizar, mostra un contexto internacional de fonda  
36 inestabilidade e conflictividade crecente, onde as relacións internacionais voltan  
37 a adquirir unha dimensión belicista e en marcada disputa aberta polo liderado  
38 mundial. O sistema actual encóntrase, por tanto, nunha fase de transición e de  
39 loita, entre as forzas que pretenden manter a hexemonía actual e aquelas que  
40 procuran unha abertura multipolar, onde a orde liberal nada após a Guerra Fría



1 mostra síntomas de crise sistémica. Nesta situación de crise, onde o  
2 imperialismo pretende evadila e procurar a recuperación dos beneficios para o  
3 grande capital monopolista, xorden tamén crecentes resistencias, a través de  
4 novas correntes que cuestionan esta hexemonía.

### 5 **Estados Unidos e o esgotamento do unilateralismo**

6 Baixo o novo mandato do Donald Trump, retornado á presidencia en xaneiro de  
7 2025, os Estados Unidos de América están a reforzar unha política exterior  
8 unilateral e de presión mundial de forte carácter belicista e retórica máis agresiva.  
9 O vello imperialismo estadounidense está a actuar con máis arrogancia do que  
10 nunca, mais non é porque se sinta con maior poder ou reforzo, ao contrario, é  
11 porque se encontra nunha fase de declive e decadencia que ve ameazada a súa  
12 hexemonía.

13 Esta orientación tradúcese en medidas comerciais proteccionistas, declaracións  
14 que buscan a confrontación con organismos de carácter internacional ou mesmo  
15 a provocación a Estados soberanos e unha retórica que mostra tolerancia ante  
16 vulneracións de dereitos humanos.

17 Porén, o mundo de 2025 mostra un profundo desgaste desa hexemonía  
18 protagonizada polos EUA e pon de manifesto o esgotamento do modelo  
19 unilateral que viña exercendo desde o fin da Guerra Fría. A crise interna do  
20 propio sistema estadounidense é unha das chaves para comprendermos este  
21 declive, así como a aparición e consolidación de bloques alternativos como os  
22 BRICS ampliados ou a Organización de Cooperación de Shangai, que  
23 evidencian que a capacidade dos EUA de ditar as regras do xogo se está a diluír.  
24 As tentativas da desdolarización, no plano económico, tamén están a causar  
25 unha perda gradual da centralidade estadounidense no sistema financeiro  
26 actual.

27 A nivel ideolóxico, cabe destacar que a volta do Trump coincide co avance  
28 exponencial da extrema dereita internacionalmente, exemplificado coa vitoria do  
29 Javier Milei na Arxentina, da Giorgia Meloni na Italia ou do Viktor Orbán na  
30 Hungría, así como co avance electoral de forzas como a AfD na Alemaña,  
31 Chega! en Portugal ou o Rassemblement National de Marine Le Pen na Franza.

### 32 **O Sur Mundial e o nacemento de novas dinámicas multipolares**

33 Como novos actores e contrapesos, encóntrase o denominado Sur Mundial, o  
34 cal está a mostrar unha maior articulación política e económica na procura de  
35 mantemento da súa soberanía fronte á inxerencia e ás relacións económicas  
36 desiguais. A aparición deste polo no Sur Mundial, cada vez máis organizado  
37 cunha China que vén postulándose como alternativa ao liderado mundial,  
38 promove unha visión alternativa de orde internacional materializada en proxectos  
39 como a Nova Ruta da Seda e iniciativas de Desenvolvemento Mundial e  
40 Seguranza Mundial, o que constrúe cadeas de valor que poden reducir a  
41 influencia directa dos EUA en certas rexións.



1 A aparición e auxe destes novos actores supón un desafío á hexemonía  
2 estadounidense no marco mundial, onde non só os EUA e a Unión Europea  
3 deciden, senón que grandes bloques emerxentes teñen voz crecente na  
4 configuración mundial e, por tanto, capacidade de mudar a orde actual. Neste  
5 lado da balanza, é preciso destacar tamén a vitoria de varios gobernos de  
6 carácter antiimperialista na África e na América Latina, os cales teñen que  
7 enfrontar o aumento de asedio e de agresións imperialistas.

8 Na África Occidental, a fundación en 2023 da Alianza dos Estados do Sahel,  
9 integrada por Burkina Faso, Mali e Níxer, responde á necesidade de crear un  
10 polo de poder oposto ao imperialismo e como alternativa á Comunidade  
11 Económica dos Estados da África Occidental dirixida de forma neocolonial polo  
12 Estado francés. A creación deste ente supuxo unha viraxe simbólica fronte ao  
13 papel tradicional colonial que as potencias europeas, especialmente a Franza, e  
14 en favor da vontade de moitos pobos por atinxiren maiores cotas de soberanía  
15 política e económica.

16 O caso da América Latina é totalmente diferente e deixa un panorama  
17 certamente ambivalente. Se ben na Bolivia e na Arxentina as forzas soberanistas  
18 experimentaron derrotas electorais, tamén se asumiron ou recuperaron  
19 proxectos soberanistas coa vitoria da Claudia Sheinbaum no México, do Lula da  
20 Silva no Brasil, do Gustavo Petro na Colombia ou do Yamandú Orsi no Uruguai.

21 Merece especial atención a situación da Venezuela onde, diante da  
22 imposibilidade de tombar o goberno do Nicolás Maduro pola vía electoral, o  
23 imperialismo estadounidense semella apostar agora pola escalada militar e a  
24 provocación armada. Esta situación de asedio deriva de falsos pretextos como o  
25 do combate ao narcotráfico, que non só o vive a Venezuela, senón que acontece  
26 contra outros países con gobernos soberanistas como o da Colombia, servindo  
27 de escusa para cometer execucións extraxudiciais en augas do Caribe. Desde o  
28 ascenso do Hugo Chávez, en 1999, Washington desenvolveu unha estratexia de  
29 presión constante, a través de tentativas de golpes de estado, sancións e  
30 bloqueos na súa economía, campañas mediáticas de descrédito e accións  
31 desestabilizadoras coñecidas como «guarimbas». Esta estratexia foi en aumento  
32 tras a morte do Chávez e a toma de posesión do Maduro a partir de 2013. A  
33 pesar de toda esta ofensiva, a revolución bolivariana conseguiu manter o pulso  
34 e gañar todos os procesos electorais á presidencia, tal e como aconteceu nas  
35 últimas eleccións transcorridas en xullo de 2024, a pesar de que a oposición  
36 venezolana —situada no eixo da dereita—extrema dereita e principal ferramenta  
37 imperialista dos EUA neste país chegando, mesmo, a reclamar unha invasión  
38 militar estadounidense no país— non recoñeceu os resultados e non mostrou  
39 ningunha proba de fraude electoral. Con todo, malia a crise social e económica  
40 que ten vivido a Venezuela nos últimos anos, o pobo venezolano ten sido un  
41 muro de contención chave contra o imperialismo, resistindo a súa ofensiva con  
42 grande consciencia popular e soberanista ao redor da revolución bolivariana.

43 **O papel da Unión Europea e da OTAN: dependencia e submisión**



1 Pola súa parte, a Unión Europea, lonxe de fortalecer a súa autonomía e respectar  
2 o dereito dos pobos a decidiren sobre o seu futuro, incrementou a súa  
3 dependencia neste período con respecto aos EUA.

4 No plano económico, políticas comerciais como a aplicación de aranceis,  
5 impulsadas pola administración estadounidense do Trump co principal fin de  
6 impor un cerco á China, favoreceron a apertura da UE a produtos e recursos  
7 enerxéticos e estratéxicos estadounidenses, incrementando a dependencia  
8 estrutural europea. Esta situación constata o rol de vasalo duns EUA que buscan  
9 reforzar a súa área de hexemonía nun contexto de contestación do seu liderado  
10 mundial.

11 No eido militar, a prolongación do conflito na Ucraína reforzou o papel da OTAN  
12 e, con el, a centralidade dos EUA. A Unión Europea está a refuxiarse  
13 abertamente nos EUA de novo e, conscientes da presión que esta guerra impón  
14 aos estados europeos, o Trump impuxo un incremento do gasto en defensa de  
15 até 5 % do PIB para os estados membros da OTAN. Isto supón, alén de  
16 incrementar a escalada belicista e unha militarización crecente da sociedade  
17 europea, un aumento das importacións de armamento estadounidense e, en  
18 consecuencia, un beneficio económico para o complexo industrial dos EUA no  
19 canto de procurar a paz e a desescalada do conflito que evite o sacrificio do pobo  
20 ucraíno.

21 Este proceso convive coa propaganda europea sobre «autonomía estratéxica»  
22 que, na práctica, resulta contradictorio pois a Unión Europea continúa a actuar  
23 como aliada subordinada, en situación de inseguranza e dependencia enerxética  
24 e tecnolóxica. Esta estratexia, alén de ser inviábel, responde a unha intención de  
25 manter ou incrementar a súa parte do lucro imperialista fronte aos límites actuais  
26 do liderado dos EUA. Dentro de todo este contexto de submisión, a Comisión  
27 Europea lanza unha campaña social a través da invocación constante da  
28 «ameaza externa», tendo importantes efectos nas sociedades europeas. Por  
29 unha parte, esta invocación serve como mecanismo para reforzar a cohesión  
30 social e lexitimar as políticas de control e austeridade. O incremento do gasto  
31 militar, en canto o discurso en aras da seguranza gaña presenza, prodúcese á  
32 vez que os recortes en políticas públicas para as maiorías sociais, o que supón  
33 para a mocidade galega aínda maiores dificultades para o acceso a condicións  
34 de vida dignas e á emancipación.

35 Por outra parte, este clima de ameaza constante favorece o auxe de fórmulas  
36 autoritarias e do militarismo vencellado ao marco ideolóxico da dereita  
37 reaccionaria, acompañado da erosión progresiva de dereitos sociais e civís. Con  
38 todo, se ben a principal preocupación do nacionalismo galego son as súas clases  
39 populares, cómpre destacar as contradicións asumidas polas clases burguesas  
40 europeas, onde as políticas de submisión aos EUA teñen suposto implicacións  
41 negativas para os seus intereses inmediatos, como se puido reflectir coa  
42 sabotaxe do Nord Stream ou os grandes incrementos dos custos enerxéticos,  
43 entre outros. Aínda que é certo que estratexicamente están interesadas en



1 manter o saqueo do resto do mundo, o que axuda a comprender que no actual  
2 contexto precisen acoplarse baixo o liderado estadounidense.

3 Ademais, a posición histórica do nacionalismo popular galego contra a existencia  
4 da UE non só é debida á posición de submisión aos EUA, senón atende tamén  
5 ás súas políticas contrarias á soberanía e aos intereses dos pobos e nacións  
6 inseridos nela. Neste sentido, as políticas da UE son contrarias aos nosos  
7 intereses produtivos e económicos, así como carecen de referendo democrático  
8 e popular.

9 Por último, é preciso salientar a clara duplicidade de criterios na política exterior  
10 da UE a respecto da legalidade internacional e dereitos humanos xa que, en  
11 canto a defensa da Ucraína é presentada como causa universal de liberdade, o  
12 trato á Palestina evidencia unha pasividade e unha conivencia ante as graves  
13 violacións dos dereitos humanos, nun contexto de xenocidio, limpeza étnica e  
14 borrado da historia que o Estado sionista de Israel está a cometer contra o pobo  
15 palestino.

## 16 **A solidariedade coa Palestina e co Sáhara Occidental**

17 O Dereito Internacional, como no período de entreguerras, volta a tornarse papel  
18 mollado e mostra a súa fragilidade fronte á forza dos intereses xeopolíticos do  
19 imperialismo. O xenocidio e a limpeza étnica que está a cometer o Estado  
20 sionista de Israel contra o pobo palestino están a provocar unha devastación  
21 masiva ante o silencio cómplice dos estados que se autodenominan como parte  
22 da Comunidade Internacional.

23 Na anterior Asemblea Nacional, falabamos xa de como os medios de  
24 comunicación e os gobernos occidentais respondían ante este masacre ollando  
25 para outro lado, cuestión que esta organización denunciou desde o primeiro  
26 momento, pois o xenocidio do pobo palestino non comezou en 2023. O que  
27 ocorreu ese ano foi unha intensificación dunha situación xa existente, pois a  
28 intencionalidade de exterminar un grupo étnico (tal e como recolle a Convención  
29 para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio) está presente case desde  
30 1917 coa Declaración de Balfour, a través da cal deu comezo o éxodo forzado  
31 das persoas palestinas e a intensificación dos asentamentos ilegais de colonos  
32 en territorios palestinos. Este proxecto colonial sionista sempre obedeceu aos  
33 intereses das grandes potencias imperialistas, primeiro do Reino Unido e logo,  
34 nomeadamente após a II Guerra Mundial, dos EUA, a principiar polo fluxo de  
35 materias primas e polo control político contra o avance de forzas de liberación  
36 nacional e antiimperialistas na rexión. Así, estes asentamentos colonos, os cales  
37 supoñen a eliminación ou desprazamento da poboación nativa, son precisos  
38 para o mantemento da base sionista que garanta a consecución destes  
39 intereses.

40 Alén destes desprazamentos forzosos, nos últimos dous anos atendemos en  
41 directo o resto de tipificación que recolle dita convención. Todo isto, conseguido  
42 mediante a prohibición da entrada de axuda humanitaria, bombardeos



1 indiscriminados sobre hospitais e escolas, destrución de vivendas para que non  
2 existan fogares aos que voltar, asasinatos de xornalistas e unha longa lista de  
3 atrocidades. Como anticipabamos, apenas existen a día de hoxe medidas ou  
4 sancións contra o Estado de Israel, quen está a someter o conxunto do pobo  
5 palestino, en Gaza e na Cisjordania, a un réxime de apartheid. Cabe destacar,  
6 alén do terror sufrido polo pobo palestino, o resto do contexto rexional en que a  
7 entidade sionista tenta expandir a ocupación para a construción do «Grande  
8 Israel». O Estado de Israel limita con outros estados que teñen mostrado  
9 diversas formas de resistencia, como o Líbano, o Irán ou o Iemen, os cales están  
10 a ser atacados por Israel. Así mesmo, o novo réxime terrorista e lacaiño do  
11 imperialismo na Siria favoreceu o avance da ocupación, non contando a  
12 Palestina na actualidade con este estado soberano aliado.

13 Desde 2023, diversos estados europeos sumáronse ao recoñecemento do  
14 Estado palestino, elevando a 148 o número de estados que apoian formalmente  
15 a súa soberanía dos 193 que conforman as Nacións Unidas. Con todo, pese a  
16 estas iniciativas, seguimos a insistir no silencio das potencias occidentais que  
17 seguen sen cualificar a horribel situación como xenocidio e que, alén de faceren  
18 declaracións, non achegan solucións efectivas para parar a limpeza étnica e os  
19 crimes de lesa humanidade. As Nacións Unidas e o Consello de Seguranza da  
20 ONU seguen bloqueados pola lóxica do dereito de veto en base a unha  
21 representación anacrónica que exclúe grande parte do Sur Mundial, o que  
22 alimenta a percepción dunha orde internacional que obedece aos intereses dos  
23 EUA e dos seus aliados, e que serve unicamente para lexitimar o imperialismo e  
24 o saqueo da maioría mundial. Con todo, a resistencia palestina conseguiu situar  
25 nun primeiro plano o xenocidio e a deslexitimación do Estado sionista. Diante  
26 deste brutal xenocidio, estes recoñecementos meramente simbólicos do Estado  
27 palestino realizáronse coa intención de desactivar a loita palestina e as  
28 numerosas mobilizacións en defensa da mesma, como as que se produciron no  
29 noso país e no resto do mundo. Así mesmo, alén do simbolismo, moitos destes  
30 estados occidentais defenden a construción dun Estado palestino dividido e sen  
31 capacidade de se defender, a través da fórmula dos dous estados recollida nos  
32 acordos de Oslo, os cales só serviron para o avance da ocupación israelí. Por  
33 tanto, como antiimperialistas a única solución real a defendermos é a construción  
34 dun único Estado palestino do río Xordán ao mar Mediterráneo.

35 Neste contexto de auxe do colonialismo, non se pode esquecer a situación do  
36 pobo saharauí, nin a súa loita pola emancipación nacional fronte ao Estado  
37 marroquí, que leva décadas desenvolvendo unha política de limpeza étnica no  
38 Sáhara Occidental. O pobo saharauí resiste a ocupación marroquí, sofre o  
39 espolio dos seus recursos e a negación do seu dereito á autodeterminación. O  
40 silencio e a complicidade da chamada Comunidade Internacional perpetúan esta  
41 situación, destacando a traizón consumada polo goberno español, encabezado  
42 polo PSOE e Sumar, ao avalar o plan de autonomía proposto por Rabat. Este  
43 acordo supón a última etapa no proceso de ocupación e sometemento por parte  
44 de Marrocos.



1 Por tanto, reclamamos o recoñecemento da República do Sáhara como único  
2 representante lexítimo do pobo saharauí, así como condenamos a violación de  
3 dereitos humanos exercida por Marrocos e o apoio do actual goberno español  
4 perante esta ocupación colonial.

### 5 **A mocidade antiimperialista**

6 Como mocidade nacionalista e antiimperialista, cómpre reforzar a solidariedade  
7 internacionalista con todos os pobos que defenden a súa soberanía e loitan  
8 contra o imperialismo e a guerra. Debemos, por tanto, continuar a manter a  
9 solidariedade internacionalista con todos os países do mundo que defenden a  
10 soberanía e a xustiza social, en loita contra o avance do imperialismo liderado  
11 polos EUA, na procura dun mundo onde a soberanía e a independencia dos  
12 diferentes pobos e nacións sexa o motor fundamental contra a guerra e o  
13 militarismo.

14 Con todo, nun contexto internacional onde existe unha disputa polo liderado  
15 mundial, a mocidade internacionalista debe ter a capacidade de se posicionar en  
16 liñas de apoio a países que exercen de contrapeso contra o imperialismo, as  
17 cales poden resultar incomfortábeis. Isto supón que os nosos posicionamentos  
18 non deben guiarse pola opinión pública controlada polo sistema, senón pola  
19 defensa da soberanía, mesmo cando estas posicións supoñan asumirmos  
20 contradicións. Nese sentido, debemos defender a derrota do mencionado eixo  
21 imperialista nas diversas fronteiras da escalada bélica que está a promover,  
22 entendendo que a súa desestabilización e debilitación poden crear máis  
23 condicións favorábeis para o noso proceso de liberación nacional contra o  
24 Estado español, do mesmo xeito que o noso proceso tamén pode contribuír para  
25 esa desestabilización e debilitación.

### 26 **A situación no Estado español**

27 No caso do Estado español, a situación política ao longo deste período  
28 caracterizouse por unha fráxil estabilidade. O Goberno de coalición socioliberal,  
29 encabezado polo PSOE e coa participación da esquerda española, logrou  
30 manterse no poder durante os últimos dous anos malia a debilidade dos seus  
31 apoios parlamentarios e a constante oposición do Partido Popular, inmerso nun  
32 proceso de radicalización que ten por obxectivo frear a fuga de votos para Vox e  
33 manter o liderado do Núñez Feixó e a súa figura como alternativa de goberno. O  
34 recente fracaso do executivo ao tentar aprobar no Congreso a redución da  
35 xornada laboral, tan só a 37,5 horas por semana, exemplifica esa fragilidade  
36 constante e unha inestabilidade que non permite descartar unha convocatoria de  
37 eleccións xerais anticipadas. A esta posición institucional feble, engádese o  
38 desgaste do goberno do Estado na opinión pública derivado da aparición de  
39 posíbeis casos de corrupción.

40 No plano social, o período estivo marcado pola escasa conflictividade e pola  
41 limitada resposta social ante medidas de carácter regresivo, especialmente no  
42 ámbito das pensións ou a recuperación de dereitos para a clase traballadora. O



1    goberno español mantivo o aumento da idade de xubilación, aprobado polo  
2    Partido Popular en 2011, e ten anunciado fórmulas de «xubilación flexíbel» que,  
3    de se levaren a cabo, contribuirían para precarizar as condicións das persoas  
4    pensionistas. Ademais, o goberno incumpriu algunhas das principais promesas  
5    formuladas en campaña electoral e nos acordos de coalición, como a non  
6    derogación íntegra da Reforma Laboral aprobada polo PP en 2012 nin da  
7    denominada «Lei Mordaza». Estas e outras medidas, como a ausencia dunha  
8    reforma fiscal progresiva efectiva ou o mantemento das políticas migratorias de  
9    corte securitario, mostran a continuidade de boa parte das políticas herdadas  
10  dos anteriores gobernos do Partido Popular.

11  Neste contexto, a participación dunha parte da esquerda española no Goberno  
12  de coalición co PSOE funcionou, máis que como un motor de mudanza, como  
13  un factor de contención social e institucionalización das forzas progresistas, sen  
14  que isto se traducise en modificacións significativas das políticas públicas, o que  
15  supón o afondamento na domesticación desta esquerda, que non é froito do  
16  presente senón continuidade dun proceso iniciado na Transición.

17  Paralelamente, os sindicatos de corte estatal, lonxe de confrontaren e  
18  presionaren cara ao avance e a conquista de dereitos, mostráronse como unha  
19  correa de transmisión das medidas que aproba o goberno de coalición. En xeral,  
20  as únicas formacións que mantiveron unha oposición clara ao modelo político e  
21  económico foron as forzas soberanistas das nacións sen estado. Nesta liña,  
22  como militantes do nacionalismo galego debemos ser conscientes das fortes  
23  contradiccións que supoñen as alianzas co PSOE, tanto nos cogobernos  
24  municipais como no Estado español, polo que é preciso afondarmos no  
25  deslindamento con esta forza política española e non nos mostrarmos como  
26  unha forza estabilizadora do Goberno estatal, sendo conscientes de que ningún  
27  goberno español será nunca o noso goberno.

28  Ao longo destes últimos dous anos, houbo excepcións a este panorama estatal  
29  de desmobilización. A vaga de mobilizacións en favor da Palestina, destacando  
30  especialmente o éxito do boicot á participación dun equipo israelí en La Vuelta,  
31  que, novamente, as nacións sen estado comezaron e magnificaron. Resultaron  
32  especialmente positivas as mobilizacións na Galiza e en Euskal Herria, alén das  
33  iniciadas na Catalunya. Estas protestas forzaron que o Goberno español  
34  reconsiderase a súa posición a favor da Palestina, distanciándose lixeiramente  
35  do posicionamento da UE e dos EUA. Con todo isto, como mocidade  
36  antiimperialista e soberanista, non debemos caer en enganos e debemos ser  
37  conscientes de que chega estratexicamente tarde e responde exclusivamente á  
38  presión popular. Nese sentido, diante da tentativa oportunista de  
39  instrumentalización e neutralización do movemento de solidariedade coa  
40  Palestina por parte do goberno do PSOE no Estado, cómpre salientarmos a  
41  dinámica mobilizadora sostida polo pobo galego nestes dous anos de  
42  intensificación do xenocidio sionista na Palestina. Unha dinámica centrada no  
43  noso marco nacional, con ampla implementación territorial, constante no tempo  
44  e cun discurso claramente antisionista e antiimperialista. Cómpre avanzarmos



1 no reforzo desta dinámica mobilizadora, cun papel activo da mocidade  
2 nacionalista, en particular diante das tentativas do PSOE de reconducir as  
3 demandas e o discurso do movemento solidario; así como fronte a outros  
4 axentes que pretenden homoxeneizar a solidariedade nun marco español, cando  
5 é desde o noso marco nacional que fomos quen de articular a solidariedade.

6 Outra excepción é a da crecente contestación social á suba do prezo dos  
7 alugueiros, que se ten transformado nun problema social de extrema gravidade  
8 en practicamente todo o Estado. Cómpre sinalar a resposta desmesurada e  
9 absolutamente inxustificada por parte do Goberno español contra calquera  
10 mobilización a prol das clases populares ou dos dereitos humanos, empregando  
11 as forzas policiais do Estado como mecanismo de represión contra  
12 manifestantes, cuestión que se pode exemplificar coas 13 detencións levadas a  
13 cabo en Lugo ou a identificación de 7 compañeiras da Galiza Nova por faceren  
14 traballo militante en Vigo e no Condado nas rutas de La Vuelta. Esta situación  
15 de represión dáse nun contexto en que se permite a celebración de actos  
16 neofascistas no Estado e que, mesmo, acaban con detencións de antifascistas  
17 por protestaren contra eles.

18 Por outra banda, máis un fenómeno que se manifestou nestes dous últimos anos  
19 no Estado é o do aumento exponencial da popularidade dos discursos racistas  
20 e contrarios á inmigración no seo da sociedade española. Neste sentido, destaca  
21 a adopción, por parte das dereitas, dunha retórica cada vez máis agresiva e dura  
22 contra as persoas inmigrantes como parte da súa estratexia de viraxe e  
23 aproximación a posicións máis reaccionarias e evitaren a fuga de votos para  
24 partidos de extrema dereita.

25 Esta radicalización dos discursos veu acompañada dun crecente aumento dos  
26 actos de violencia racista na sociedade española que tiveron a súa maior  
27 expresión no acontecido en Torre Pacheco no verán de 2025. Porén, estes actos  
28 de odio contra as persoas racializadas non son alleos á realidade galega, con  
29 exemplos como o brutal ataque con cócteles molotov ao centro de menores de  
30 Monforte no mes de setembro de 2025, nunha tentativa por trasladar posicións  
31 reaccionarias ao noso país por parte da ultradereita. Con todo, a Galiza  
32 demostrou máis unha vez ser terra de acollida, mostrando o pobo galego a súa  
33 repulsa a este ataque, sendo un país que ten acollido miles de persoas  
34 inmigrantes nos últimos anos.

35 Así mesmo, a Lei de Estranxeiría continúa a condenar as persoas inmigrantes  
36 en situación irregular a condicións de vulnerabilidade extrema, obrigándoas a  
37 aceptaren traballos precarios e sen acceso a dereitos laborais básicos, mesmo  
38 incluso empurrándoas nalgúns casos á prostitución como única vía de  
39 supervivencia, o que agrava dinámicas de explotación. Moitas das persoas  
40 inmigrantes, ao se encontraren sen rede de apoio e privadas de dereitos  
41 fundamentais por mor da súa situación administrativa, vense atrapadas nun  
42 círculo de inseguranza permanente, polo que é preciso a reformulación deste  
43 marco legal inxusto e avanzar para un modelo galego que garanta dereitos,



- 1 dignidade e protección efectiva para todas as persoas inmigrantes,
- 2 independentemente da súa situación administrativa.



## TESE POLÍTICA

### **INTRODUCCIÓN: A NECESIDADE DE SOBERANÍA NACIONAL PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE VIDA DA MOCIDADE GALEGA**

A situación política a nivel mundial, previamente analizada, así como a necesidade de soberanía nacional para lograr a emancipación xuvenil son as dúas cuestións que definen como a mocidade galega chega a finais de 2025 e que marcan a análise que farán estas teses e a folia de ruta a seguir.

A experiencia histórica ten sobradamente demostrado que o Estado español é irreformábel. O Réxime do 78 e a farsa da chamada «Transición» non foron máis que un proceso de maquillaxe dun Estado herdeiro do franquismo. A operación política, impulsada polas elites económicas e os aparellos de poder da ditadura, consolidaron un sistema centralista, monárquico e neoliberal que continúa a negar ao pobo galego —como ao resto de pobos do Estado— o dereito a decidir libremente o seu futuro. A Constitución de 1978 fixo do inmovilismo a súa esencia: blindou a monarquía imposta polo Franco, garantiu a unidade territorial a través da represión e serviu de coartada para perpetuar un modelo económico baseado na dependencia, no espolio e na subordinación dos intereses populares aos grandes poderes económicos.

O chamado «Estado das autonomías» demostrou ser un mecanismo de control e centralización, disfrazado de descentralización, que só outorga marxes de xestión en canto nega toda capacidade real de decisión. No caso galego, esa estrutura supón a continuidade do colonialismo interior: o espolio dos nosos recursos naturais, o desmantelamento industrial e a destrución do noso tecido produtivo. Ao mesmo tempo, a Galiza segue a padecer o desemprego estrutural, a emigración da mocidade, o abandono do rural, Madrid concentra o poder político e económico coa complicidade dos partidos estatais e as grandes corporacións. Neste mesmo marco, cómpre sinalar que tampouco existen posibilidades reais para un proxecto emancipador galego en canto se manteña a integración en estruturas imperialistas internacionais como a UE e a OTAN.

Cando o pobo galego, catalán ou vasco —ou calquera outro— tenta exercer dereitos democráticos reais, a resposta do Estado é sempre a mesma: represión, censura e violencia. Os aparellos xudicial, policial e mediático actúan como garantes dun sistema que non admite disidencia nin cuestionamento. O que denominan «orde constitucional» é, en realidade, o mantemento dunha estrutura de poder deseñada para perpetuar os privilexios dunha minoría, silenciar calquera disidencia e aplacar calquera proxecto de transformación social e nacional. Por iso, a República galega independente, soberana e ao servizo das clases populares pola cal loitamos non pode construírse dentro desas estruturas do imperialismo que son garantes da opresión, da precariedade e da guerra.

Fronte a este panorama, a Galiza Nova como organización xuvenil debe presentarse ante a mocidade galega cunha proposta política seria, combativa e contundente, fuxindo tanto dos marcos sistémicos e do institucionalismo ou



1 electoralismo, así como dos utopismos e ideoloxismos. Nese sentido, debemos  
2 actuar como unha organización nacional e de masas, que sexa quen de  
3 organizar a mocidade en dirección ao horizonte estratéxico da República galega,  
4 ligando na nosa acción política as propostas a curto prazo con outras propostas  
5 máis avanzadas que entren en confronto aberto co Estado español e co grande  
6 capital, servindo para significar e dotar de contido o noso horizonte estratéxico.  
7 Para o desenvolvemento dese traballo político cómpre a creación dunha  
8 militancia formada que organice a mocidade para o futuro.

9 A continuación, analízase con máis detalle a situación en que a mocidade galega  
10 nos encontramos actualmente, así como as liñas de actuación que  
11 desenvolveremos como organización para defendermos políticas destinadas á  
12 mocidade e que se enmarcan claramente na alternativa de ruptura e soberanía  
13 que defendemos para a Galiza.

## 14 **EMPREGO, VIVENDA E SERVIZOS PÚBLICOS: ANÁLISE DA SITUACIÓN E** 15 **PROPOSTAS DE ACTUACIÓN**

### 16 **EMPREGO**

17 A taxa de actividade xuvenil na Galiza na actualidade é de 48,7 % (12,1 puntos  
18 menos que en 2009) en canto a taxa de ocupación da mocidade é de 40,2 %  
19 (6,1 puntos menos). Ademais, en xaneiro de 2023 ascendía a 83 000 o número  
20 de mozas e mozos que, malia teren un emprego, non podían permitirse  
21 independizarse e comezar a desenvolver os seus proxectos de vida, deixando a  
22 taxa de emancipación xuvenil en 15,3 % nese mesmo ano. Este é o reflexo do  
23 fracaso dun sistema que só ofrece á mocidade galega precariedade laboral,  
24 salarios baixos e elixir entre desemprego ou emigración.

25 A entrada en vigor da reforma laboral no ano 2022, impulsada pola esquerda  
26 española e pactada coa patronal, consolidou o recorte en dereitos das reformas  
27 laborais anteriores e perpetuar os danos para as clases populares galegas. Un  
28 lavado de cara que só serviu para manter a mocidade galega na precariedade,  
29 mudando a forma mais non o fondo, mudando as estatísticas mais non a  
30 realidade. O certo é que pasamos de contratos temporais a un aumento dos  
31 contratos parciais e discontinuos, temos períodos de proba que se alongan e  
32 que sistematicamente non se superan, contratos formativos que só benefician o  
33 empresariado, xornadas partidas como norma, horas extras non remuneradas e  
34 unha longa listaxe de dereitos laborais que se incumpren.

35 Ademais, as galegas obtemos salarios máis baixos do que a media no Estado  
36 español. O noso soldo medio está nos 25 000 € anuais, lonxe dos máis de  
37 32 000 en Madrid (33 % menos) ou dos 33 000 da Comunidade Autónoma Vasca  
38 e 31 000 de Nafarroa (INE, 2023). Así, ponse en evidencia a necesidade dun  
39 sistema de financiamento propio que nos permita camiñar para un modelo  
40 industrial autocentrado.



1 Precisamente, esta falta de soberanía política ten como consecuencia un sector  
2 industrial desmantelado e de baixa calidade, parella á calidade do traballo que  
3 ofrece, e que afonda aínda máis na terciarización do emprego. Un exemplo disto  
4 témolo nas dinámicas resultantes de turistificación, caracterizadas precisamente  
5 por esta terciarización e a precariedade laboral en sectores como a hostalaría,  
6 nomeadamente no período estival.

7 Temos un país en que o 70 % da mocidade empregada (EPA) está no sector  
8 servizos, que acostuma ter peores condicións; en que a industria depende en  
9 grande medida de dúas empresas, unha téxtil e unha automobilística; en que as  
10 industrias non xeran valor aquí e levan o lucro para fóra; e co agro e co mar  
11 abandonados porque na Unión Europea, coa complicidade do Estado español,  
12 decidiron que non era para nós traballarmos a nosa terra e que estabamos  
13 condenadas a sermos unha terra de sacrificio. Un panorama desolador que  
14 dificulta as posibilidades de emancipación da mocidade galega.

15 Ademais, outra das cuestións que explica a situación de precariedade laboral da  
16 mocidade galega é a diferenza salarial existente entre as persoas menores e  
17 maiores de 35 anos, que se sitúa a finais de 2023 nun 20,5 %. Deste xeito, unha  
18 persoa moza galega soporta, alén da precariedade, unha diferenza salarial pola  
19 súa condición de galega, moza e muller (a fenda de xénero na Galiza está en  
20 25 %).

21 Do inicio do goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza, no ano 2009, á  
22 actualidade, o número de mocidade en idade activa —de 16 a 35 anos— pasou  
23 de 458 500 a 279 100, é dicir, hai actualmente 179 400 mozas menos no noso  
24 país. Unha expulsión continuada de mocidade formada e capacitada que ten  
25 consecuencias sociais e económicas, nun contexto de crise industrial, laboral e  
26 demográfica como nunca viviu este país. O éxodo da mocidade galega supón  
27 deixar de crear unhas 315 empresas e unha perda de entre 178 e 311,5 millóns  
28 de euros ao ano derivados dos custos de formación dunha mocidade a que se  
29 lle nega a posibilidade de achegar valor ao noso país tanto social como  
30 economicamente (datos do Foro Económico da Galiza).

31 A transformación do mercado laboral nos últimos anos implicou novas formas de  
32 precariedade e explotación, especialmente a través da normalización do  
33 teletraballo e das plataformas dixitais. Como consecuencia, existen tamén novos  
34 factores que condicionan as nosas vidas, como o deterioro da saúde física e  
35 mental, o aumento da carga laboral ou a ausencia de límites entre os espazos  
36 persoais e profesionais. Do mesmo xeito, teñen repercusións a nivel colectivo,  
37 ao fomentar o illamento e o individualismo, así como a dificultade de crear  
38 espazos de organización. Estas dinámicas, lonxe de reduciren a precariedade,  
39 dificultan a acción sindical e colectiva, disfrazando de flexíbel un modelo  
40 económico que continúa a ser precario.

41 A razón de ser desta realidade radica principalmente na falta de interese dos  
42 gobernos galego e estatal por impulsaren medidas estruturais que melloren as



1 condicións laborais da mocidade galega, aínda sendo conscientes de que estas  
2 non poden eliminar a explotación intrínseca do capitalismo e, no noso caso, a  
3 pertenza ao Estado español. Porén, o noso modelo de país debe crear as  
4 condicións para que a mocidade galega non se vexa forzada a emigrar e poida  
5 inserirse laboralmente aquí. Entendemos necesario apostar por fechar os ciclos  
6 produtivos no país, xerando empregos que acheguen valor engadido; diversificar  
7 a economía e impulsar o cooperativismo, permitíndonos vivir no e do rural;  
8 camiñar para un marco galego de relacións laborais, onde sexamos nós, desde  
9 a Galiza, quen fixemos unhas condicións laborais dignas; un plan de emprego  
10 xuvenil que garanta a inserción laboral da mocidade galega loitando pola  
11 igualdade para as mulleres, o colectivo LGBT+ e persoas en risco de exclusión  
12 social, e a redución da diferenza salarial que padece a mocidade. Así mesmo,  
13 na nosa acción política, cómpre ligarmos estas demandas inmediatas coa  
14 defensa doutras medidas de máis longo alcance como a nacionalización da  
15 banca e os sectores estratéxicos da economía, dotando de contido a nosa  
16 alternativa de ruptura e soberanía para a Galiza.

17 Na Galiza Nova defendemos os dereitos das clases populares e traballadoras  
18 galegas como parte central da nosa loita pola transformación social e nacional.  
19 Sabemos que o sistema capitalista xera desigualdades e explotación, mais  
20 tamén sabemos que a Galiza non está condenada a as aceptar. Por iso,  
21 defendemos unha acción política que non se limite ao discurso, senón aposte  
22 pola participación activa e organizada da mocidade, construíndo as mudanzas  
23 desde abaixo: nas comarcas, nos centros de estudo, nos barrios, nos centros de  
24 traballo e en todos os espazos da vida cotiá. Por iso, o sindicalismo, a  
25 organización xuvenil e a acción obreira son ferramentas decisivas para disputar  
26 poder, conquistar dereitos e abrir camiños de transformación real no noso país.  
27 A nosa aposta non é a da resignación, senón a da construción colectiva e  
28 constante dunha Galiza máis xusta, digna e plenamente emancipada, do  
29 pequeno ao grande e do local á nación.

30 A participación nas loitas e conflitos laborais é chave para formarmos unha  
31 mocidade consciente, polo que nos comprometemos a manter unha relación  
32 activa coa CIG, sindicato nacionalista e de clase de referencia, apoiando as súas  
33 mobilizacións e implicando a nosa militancia no mesmo.

34 Nese sentido, cómpre aproveitarmos esa relación para seguirmos a afondar na  
35 nosa formación en materia laboral, para que sexan coñecidos e difundidos os  
36 nosos dereitos (para os facer valer diante do capital) e favorecer a sindicación  
37 da mocidade traballadora galega. Ligado con isto, cómpre seguirmos a traballar  
38 na comprensión das potencialidades e límites para a organización sindical da  
39 mocidade nos centros de traballo, nun contexto de inividualización, terciarización  
40 e precarización das relacións laborais impostas polas dinámicas do capitalismo,  
41 reparando en que, como xa dixemos, o sindicalismo en chave nacional e de clase  
42 pode ser un ámbito que axude á tomada incipiente de consciencia nacional.

43 **VIVENDA**



1 Hoxe, aínda tendo un emprego e un soldo a finais de mes, non é seguro que  
2 poidamos emanciparnos. A crise de vivenda é un atranco nas nosas vidas. O  
3 prezo da vivenda ascendeu de xeito extraordinario desde 2015. Un alugueiro  
4 medio na Galiza pasou de 363 € en 2015 aos 589 € en 2025, un aumento do  
5 62 %.

6 É innegábel que a vivenda é unha das maiores preocupacións da mocidade  
7 galega: nos últimos anos, o seu prezo aumentou máis do dobre que a inflación,  
8 en canto os salarios existentes son insuficientes para lles facer fronte. Trátase  
9 dun problema xeral, que está a acontecer de forma sistemática nos países que  
10 adoptaron e promoven un sistema capitalista ultraespeculativo, mais que na  
11 Galiza adopta características propias.

12 A crise de vivenda non afecta principalmente as cidades, senón que é nas  
13 grandes vilas galegas (entre 20 000 e 50 000 habitantes) onde máis subiu o  
14 alugueiro, un 38 % nos últimos 5 anos fronte ao 34 % das cidades ou o 32,5 %  
15 de media en todo o país. Así pois, o problema da vivenda non fai excepcións  
16 territoriais e afecta o conxunto da Galiza.

17 Son diversas as causas que explican a crise de vivenda. O Goberno galego,  
18 sostivo desde o inicio da crise de prezos unha política antipopular baseada no  
19 abandono da construción de vivenda pública, reducindo progresivamente o  
20 parque de vivenda pública. De 2014 ao ano pasado só se construíron na Galiza  
21 144 vivendas protexidas para alugar, en canto na Galiza hai case 20 000  
22 demandantes de vivenda en alugueiro. O mesmo goberno galego tamén se  
23 negou a regular os prezos do alugueiro, favorecendo o aumento da  
24 especulación, e puxo numerosos atrancos para a declaración de zonas  
25 tensionadas. Agora, a solución que ofrece a Xunta da Galiza ao problema da  
26 vivenda pasa pola construción de pisos de aloxamento partillado de 30 metros  
27 cadrados, pondo de novo obstáculos a unha emancipación digna da mocidade  
28 galega e evidenciando a falta dunha política de vivenda efectiva e a longo prazo.

29 A crecente turistificación do país e o escaso control tamén agravou o problema,  
30 exercendo presión sobre os prezos e facendo que parte do parque de vivenda  
31 en alugueiro pasase a oferta turística. Tanto é así, que desde 2021 hai o dobre  
32 de pisos turísticos e un 40 % menos de pisos en alugueiro residencial. De novo,  
33 este non é un problema só das cidades, na Galiza existe un grande número de  
34 propietarios a especularen coa vivenda, como é o caso de concellos como  
35 Sanxenxo, Barreiros ou Portomarín, con máis oferta turística que habitantes.  
36 Tórnase fundamental limitar as Vivendas de Uso Turístico para pór freo ao  
37 turismo invasivo.

38 Cómpre non esquecer o papel que xoga, como consecuencia da turistificación e  
39 outros factores, a xentrificación na cuestión da vivenda. Non só a vivenda é máis  
40 cara e menos accesíbel, senón tamén se obriga veciñanza a ter que deixar o seu  
41 barrio, a súa cidade ou a súa aldea por mor das vivendas turísticas e da suba  
42 dos prezos cos «novos grandes posuidores» que especulan coa vivenda. Neste



1 contexto é case imposíbel para a mocidade conseguir unha vivenda (no réxime  
2 que for) e, en moitos casos, é imposíbel tamén facelo no lugar que escollamos  
3 para vivir.

4 Outra das particularidades do problema da vivenda na Galiza é a baixa  
5 porcentaxe de vivendas en mans de grandes propietarios (particulares ou  
6 empresas con máis de 50 vivendas), xa que estas supoñen o 3 % (fronte ao  
7 15,5 % de Madrid). De feito, unha parte relevante dos arrendadores fan parte  
8 das clases populares do país e teñen rendas baixas ou moi baixas. Exemplo  
9 disto vese co dato de que un 17 % deles ten unha renda anual inferior aos  
10 12 000 €.

11 Ademais, a distribución habitacional galega sempre se caracterizou pola súa  
12 dispersión, cun elevado número de centros de poboación, cun rural vivo e  
13 cidades con menos peso demográfico. Xunto a isto, o noso país presenta unha  
14 das porcentaxes de vivenda baleira máis altas de toda a Europa, con máis de  
15 300 000 vivendas nesta situación, o que supón 28,8 % do total, constituíndo a  
16 taxa máis alta do Estado. Esta realidade evidencia a necesidade urxente de  
17 políticas activas de mobilización da vivenda baleira, aumentando o parque  
18 existente e contribuíndo para a revitalización demográfica e económica do rural  
19 galego, especialmente en concellos con taxas extremas de abandono como  
20 Cuntis ou Laza. Alén da construción de nova vivenda, mobilizar a xa existente  
21 reduce o impacto ambiental e territorial ao tempo que axiliza a resposta á crise  
22 habitacional.

23 Isto é un exemplo onde se evidencia a necesidade dunha abordaxe integral  
24 fronte a estas realidades, xa que o mencionado abandono do rural ten múltiples  
25 determinacións non só en materia de vivenda, mais tamén en materia de  
26 emprego, transporte, defensa da terra ou os servizos públicos en xeral, mesmo  
27 limitando as nosas posibilidades de acceso á formación (especialmente para as  
28 que precisan desprazarse para cursar estudos superiores) tendo en conta a  
29 estrutura territorial dispersa que ten o noso país e os prezos inaccesíbeis das  
30 vivendas en cidades e vilas universitarias. Baixo o vector común da loita pola  
31 emancipación nacional, cómpre ligarmos aquelas alternativas máis inmediatas  
32 que poidan paliar esta situación, con outras de longo prazo que poidan atacar a  
33 fonte desas múltiples problemáticas, pulando por unha transformación integral  
34 do país.

35 Temos claro que a principal solución á crise de vivenda pasa por entendela como  
36 un dereito fundamental e apostar pola vivenda pública como política central para  
37 garantir a emancipación da mocidade galega. Neste sentido, tamén son  
38 necesarias políticas públicas de vivenda como a intervención nos prezos do  
39 alugueiro ou bolsas de alugueiro social para a mocidade, especialmente para  
40 estudantes, que precisan tamén dun aumento de prazas en residencias públicas  
41 (só 2 de cada 100 estudantes universitarias na Galiza teñen acceso a unha praza  
42 pública).



1 Non asumimos o discurso dos partidos do sistema que propón o incremento da  
2 construción como solución única ao problema da vivenda. A principal prioridade  
3 debe ser mobilizar os inmóbeis xa construídos que non están habitados, quer  
4 pola negativa dos propietarios, por necesitar seren rehabilitados, quer porque  
5 estean destinados a uso turístico.

6 Ao ser a vivenda un dos principais problemas da mocidade galega para construír  
7 o seu proxecto de vida, o traballo neste eido tórnase chave na loita para a  
8 emancipación. É por iso que debemos pór aquí o foco, podendo desenvolverse  
9 en diversos ámbitos. Por unha banda, a través do noso propio traballo político  
10 como Galiza Nova, encadrado na perspectiva global da emancipación xuvenil,  
11 ligada á emancipación nacional. Por outra banda, cómpre reflectirmos sobre a  
12 realidade xeral da loita pola vivenda na Galiza, tendo en consideración o seu  
13 carácter relativamente reducido en comparación con outras partes do Estado, a  
14 que hai que engadir o feito de que a referencialidade e a iniciativa nesa loita  
15 estea en mans de sectores que teñen o marco estatal como referencia e son  
16 refractarios ao soberanismo galego. Nese sentido, trátase dun caso que contradí  
17 en certa medida a dinámica xeral do país, que destaca por unha capacidade de  
18 mobilización social elevada así como polo feito de que o soberanismo acostume  
19 estar á cabeza ou ter un papel referencial nesas mobilizacións.

20 Por tanto, diante desta situación, cómpre pensarmos en solucións que nos  
21 permitan avanzar para un movemento pola vivenda na Galiza centrado no noso  
22 marco nacional, con capacidade de mobilización maior e con alternativas a curto,  
23 medio e longo prazo, onde o soberanismo sexa referencial. Nese camiño,  
24 pularemos polo desenvolvemento da Plataforma Galega Vivenda Xa!, así como  
25 polo traballo ou colaboración con movementos locais, e tamén polo  
26 desenvolvemento do noso propio discurso e propostas en materia de vivenda,  
27 ligado á perspectiva global da emancipación e indo alén dunha visión  
28 curtopracista e institucionalista.

## 29 **TRANSPORTE**

30 A mocidade, así como o pobo galego no seu conxunto, ten dereito a ter un  
31 transporte e unhas infraestruturas públicas funcionais, dignas e eficientes. Así  
32 mesmo, como nacionalistas, temos claro que é fundamental para termos un país  
33 vertebrado posuír unha rede de transportes autocentrada, que conecte entre si  
34 as distintas áreas xeográficas que forman a Galiza, sendo a desconexión entre  
35 os distintos territorios que conforman a nación galega un dos maiores problemas  
36 cos que actualmente se encontra o país.

37 Non obstante, vivimos nun país desartellado, cun modelo de transporte que non  
38 está pensado para as nosas necesidades como consecuencia da falta de  
39 soberanía e dos gobernos que sofremos por parte dos partidos españoлисты no  
40 Estado e na Xunta. As administracións potencian un modelo que obriga a  
41 cidadanía a depender do vehículo privado, facendo que no contexto económico  
42 actual as galegas padezamos con máis intensidade as crises actuais,



1 nomeadamente a mocidade e as persoas con menos recursos, e eliminando a  
2 posibilidade dun transporte máis ecolóxico e comprometido co medio.

3 No relativo ao ferrocarril, temos liñas desmanteladas e mesmo sen modernizar  
4 desde hai máis de 100 anos, redución de frecuencias desde a pandemia,  
5 estacións abandonadas e unha lóxica centralista que establece horarios,  
6 frecuencias e billetes para cubrir necesidades que non atenden á realidade  
7 galega na rede de alta velocidade. Exemplo disto é a redución á metade das  
8 frecuencias na estación A Gudiña - Porta da Galiza que vertebra o sur-leste do  
9 país e o norte de Portugal. As conexións ferroviarias tamén están moi por baixo  
10 das necesidades da sociedade galega. Non existen conexións tan básicas como  
11 Lugo-Compostela, e moitas liñas precisan ser modernizadas e rehabilitadas, se  
12 non foron directamente fechadas. Ademais, déixannos fóra do Corredor Atlántico  
13 de Mercadorías e impídenos ter unha conexión de calidade co norte de  
14 Portugal. Falamos dunha das principais áreas de mobilidade laboral da  
15 eurorrexión, que na práctica se ve obrigada a depender do vehículo privado pola  
16 falta dun servizo ferroviario regular e útil.

17 Do mesmo xeito, a conexión Vigo-Ourense nesta mesma liña non funciona como  
18 un servizo de proximidade, con horarios e frecuencias moi insuficientes a pesar  
19 de unir dous dos principais centros urbanos e laborais do sur do país.

20 Galiza é excepcional no Estado, por non contar cun sistema de tren de  
21 proximidades en ningunha das súas áreas metropolitanas. Tampouco existen  
22 sistemas de metro lixeiro nin tranvías nas cidades. As consecuencias para a  
23 mocidade son patentes: dependencia do transporte privado e a imposibilidade  
24 de levar adiante un proxecto de vida fóra do medio urbano, en moitos casos.

25 No transporte por estrada vemos a mesma lóxica de mercantilización que co  
26 tren, pois alí onde non son lucrativos, non se ofrecen. Continúa a dualidade  
27 Xunta-Monbus que mantivo a súa relación de simbiose económica. O agasallo  
28 nas liñas de transporte á compañía amiga fai que esta controle máis de 80 % do  
29 mercado, coas consecuencias que xa coñecemos: demoras desproporcionadas,  
30 número de vagas insuficientes nas liñas máis demandadas, discriminacións á  
31 hora de ofrecer o servizo, paradas que se saltan sistematicamente, buses  
32 fantasma que non pasan, falta de seguranza nos buses, persoal condutor  
33 precarizado etc. Un servizo cada vez máis degradado cunha Xunta cómplice, o  
34 cal orixina un problema engadido: a dificultade de reverter esta situación.

35 Ao longo destes anos nos que a Xunta priorizou un grupo de empresas liderado  
36 por Monbus, á vez que a competencia foi desaparecendo e, hoxe, parece non  
37 haber outra alternativa privada para deseñar o transporte por estrada. Así, é  
38 preciso que o goberno galego impulse unha empresa pública de transporte por  
39 estrada que poida reverter esta situación garantindo a prestación dun servizo  
40 social en boas condicións, apostando tamén pola electrificación do transporte  
41 por estrada.



1 No rural é onde máis se sofren os efectos da mercantilización dos servizos de  
2 transporte. En 95 % dos concellos galegos con menos de 5000 habitantes hai  
3 carencia de transporte público regular axeitado, é dicir, sen transporte privado,  
4 as posibilidades de mobilidade son nulas. A mocidade do rural en proceso de  
5 emancipación debe, por tanto, escoller entre un rural desconectado, ir vivir para  
6 a cidade ou marchar do país. Afóndase, así, nos procesos de éxodo rural e de  
7 emigración para a metrópole, que desangran o interior do país. Nas vilas, a  
8 situación non é moito mellor, xa que non existen servizos funcionais para o  
9 transporte interurbano en numerosas comarcas do país, tampouco naquelas con  
10 maior dinamismo, como poden ser o caso do Salnés, A Mariña, O Morrazo ou O  
11 Barbanza, entre outras.

12 En canto ás infraestruturas, a Galiza continúa a estar discriminada posuíndo  
13 dúas das autoestradas máis caras do Estado español: a AP-9 e a AP-53. A  
14 primeira, a pesar de que a súa concesión tiña que ter finalizado en 2023, continúa  
15 a ser de pagamento e de titularidade estatal, en canto os sucesivos gobernos do  
16 Estado do PSOE e do PP, só contribuíron para o enriquecemento de AUDASA  
17 en detrimento do tecido económico e social da Galiza. Así mesmo, tamén existe  
18 unha clara deficiencia de infraestruturas no interior do país. Isto pódese  
19 exemplificar coa conexión das cidades de Lugo e Ourense, en pésimas  
20 condicións pola N-540, coa conexión entre as cidades de Compostela e Lugo ou  
21 coa conexión entre Ourense e a comarca do Berzo, existindo para estas últimas  
22 dous proxectos de autovía sen finalizaren, como a A-54 e a A-76, que teñen  
23 demorado en grande exceso durante a súa construción. Por outra banda, a  
24 situación tampouco é mellor no tocante ás estradas convencionais, que se  
25 encontran nun estado completamente deficiente no interior do país froito dun  
26 claro desleixo por parte do Estado e da Xunta e do infrafinanciamento crónico  
27 das institucións locais.

28 Estamos certas de que no camiño da emancipación seguiremos a loitar pola  
29 supresión das portaxes nas autoestradas do país, pola gratuidade do transporte  
30 público para a mocidade e por un Plan de Mobilidade feito para este país e que  
31 aposte pola intermodalidade real, das aldeas e parroquias con transporte baixo  
32 demanda ás vilas medias e cidades cuns transportes por estrada e ferroviario  
33 coordinados e complementarios. Por isto, a Galiza Nova debemos participar  
34 activamente en diversas campañas nos distintos concellos e comarcas en prol  
35 da mellora e aumento dos servizos actuais cos medios que temos presentes  
36 (bus, tren e barco) e a concienciación de achegarmos novos (tranvías, metro  
37 lixeiro, funiculares etc.). O transporte é un dos piares máis importantes no  
38 desenvolvemento da vida dunha persoa moza, que pode mesmo chegar a  
39 truncalo coas dificultades que poida supor a súa falla de planificación, ou mesmo  
40 a inexistencia dos servizos na súa localidade. Así, debemos erguermos e  
41 visibilizarnos como a organización onde a mocidade galega poida verse incluída  
42 na procura dun transporte galego, de calidade e do século XXI, ao igual que  
43 moitos outros territorios de similar ou menor tamaño que o noso e similitudes  
44 orográficas e poboacionais.



## 1 **ENSINO**

2 En canto ao ensino, vemos como avanza o modelo privatizador do PP. A Xunta  
3 soamente aumentou o gasto educativo en 17 % desde 2019, o menor incremento  
4 de todas as administracións autonómicas. Esta situación empeora cando se  
5 observa como as subvencións a centros privados e concertados aumentan en  
6 26,3 %, o que alerta da crecente privatización do noso sistema educativo. Entre  
7 tanto, a precarización do profesorado galego vai a máis: interinidades perpetuas,  
8 itinerancias, prazas vacantes, aumento das medias xornadas, ratios imposíbeis  
9 de xestionar, burocracia excesiva ou concursos-oposición desfasados, son  
10 algúns exemplos.

11 Con estas condicións resulta imposíbel que o novo profesorado exerza a súa  
12 profesión con dignidade e garantías, repercutindo gravemente na aprendizaxe  
13 do estudantado. Un estudantado que se enfrenta na actualidade a unha crecente  
14 presión académica e a un sistema educativo cada vez máis competitivo, en que  
15 o rendemento se mide en termos de produtividade e resultados. Isto afecta  
16 directamente a saúde mental, especialmente entre quen combina estudos con  
17 traballo ou está a preparar probas académicas de alta exigencia. Fronte a esta  
18 situación, o apoio psicolóxico público nos centros de ensino e universidades  
19 tórnase imprescindíbel.

20 Este desmantelamento progresivo e planificado do ensino público por parte do  
21 goberno da Xunta do PP atinxe todos os niveis de ensino:

22 En canto á universidade, o abandono da pública deixa portas abertas ao medre  
23 descontrolado e desregulado da privada. A universidade pública galega  
24 encóntrase constantemente infrafinanciada (por baixo do 1 % que estipula a lei  
25 estatal), incapacitada para ofrecer servizos, instalacións e educación dignas e  
26 modernas, favorecendo, ao mesmo tempo, a retirada e degradación de graos e  
27 mestrados. Tampouco consegue dotar dos recursos necesarios a rama da  
28 investigación e innovación, chave no progreso de calquera nación, ficando  
29 incapacitada e precarizada. Fronte a isto, ollamos para unha universidade  
30 privada de ABANCA que medra en oferta de títulos e prazas de investigación  
31 ano tras ano e a que promete sumarse a de CESUGA, planificada para o 2026–  
32 2027 e xa apoiada polo PSOE local da Coruña. Non é estraño, nestas  
33 circunstancias de competencia desleal e atrancos constantes, o semellante  
34 atraso das universidades públicas galegas que perden cada ano recursos,  
35 estudantes e profesionais docentes. Esta privatización implica profundar as  
36 fendas económicas e sociais entre a mocidade (exemplo disto, a crecente taxa  
37 de endebedamento das familias por créditos estudantís ou o feito de que o Plan  
38 Boloña converteu os mestrados no elemento de especialización universitaria,  
39 facendo que o estudantado estea a pagar máis un suplemento polos estudos),  
40 mercantilizando o ensino superior e o acceso a el.

41 Na Formación Profesional, vemos un panorama semellante, coa estratexia de  
42 privatización manifestada en dúas vertentes simultáneas. Por unha parte, a



1 oferta crecente de ciclos en centros privados, que o sistema favorece e que  
2 poden ofertar materiais e recursos inatinxíbeis na pública. Pola outra, a retirada  
3 constante de ciclos presenciais, aparellada ao impulso da FP Dual, modelo que  
4 acentúa a introdución das empresas privadas e os seus intereses na formación,  
5 cada vez menos profesional e máis interesada no lucro.

6 No ensino medio, vemos como a ofensiva do PP se centra na censura do mesmo  
7 como espazo de formación e fomento do pensamento crítico. A finais do ano  
8 lectivo pasado vimos como a Consellaría de Educación colocaba sobre a mesa  
9 a mal chamada «neutralidade ideolóxica», que non significa outra cuestión que  
10 unha nova tentativa do PP para silenciar perspectivas contrarias aos seus  
11 intereses e anular todo tipo de crítica nas aulas. Así, a formación das xeracións  
12 máis novas fica subordinada aos intereses políticos do PP e das elites  
13 económicas por tras del.

14 Na práctica, temos un sistema educativo deseñado para perpetuar as  
15 desigualdades, calarnos e reproducir as lóxicas dun Estado español alleo á nosa  
16 realidade. Por tanto, a Galiza Nova deberá ser partícipe do movemento estudantil  
17 galego, ficando comprometida na loita por un ensino emancipador, crítico, de  
18 calidade e en lingua galega. Para isto, a nosa oposición perante o mal chamado  
19 decreto do plurilingüismo debe ser rotunda, así como a desmitificación dun  
20 currículo do ensino que nega a nosa existencia como nación e borra a nosa  
21 historia. Pularemos por un proxecto para unha mocidade formada desde a raíz,  
22 crítica e orgullosa de seu, apostando tamén pola inmersión lingüística en galego.  
23 Isto pasa, necesariamente, pola consecución dunha Lei Galega de Ensino, que  
24 aborde todos os niveis e que garanta unha formación do estudantado galego nun  
25 sistema disposto para as necesidades e obxectivos da nosa nación, que fomente  
26 o coñecemento e mantemento da nosa realidade, lingua e cultura, así como se  
27 adapte á situación real da poboación e estudantado galegos, garantindo unha  
28 educación pública e de calidade que chegue a todo o territorio.

29 Toda esta loita non se entende sen estarmos presentes nos institutos,  
30 universidades e centros de FP. Neste aspecto será chave a colaboración con  
31 organizacións de referencia como a CIG-Ensino no ámbito sindical e Erguer.  
32 Estudantes da Galiza no marco estudantil, apoiando as convocatorias e  
33 fomentando a militancia nestes dous espazos.

## 34 **SANIDADE**

35 O desmantelamento da sanidade pública por parte do Partido Popular é un feito.  
36 As listas de espera incrementáronse en 21 % na última década, hai 600 camas  
37 menos nos hospitais galegos desde 2008, non hai servizo de pediatría en máis  
38 de 200 concellos, fécense paritorios que ofrecen servizo a comarcas enteiras,  
39 a temporalidade nos contratos encóntrase en máximos históricos e hai un desvío  
40 constante de recursos á sanidade privada.

41 A máis castigada é a atención primaria que, cos gobernos do Partido Popular  
42 desde 2009, sufriu o recorte de 2000 millóns de euros, o feche de 33 % dos



1 consultorios locais e conta cun financiamento de 14 % fronte a 25 % que  
2 establece de mínimo a Organización Mundial da Saúde, convertendo a nosa  
3 atención primaria na máis saturada de todo o Estado español, especialmente no  
4 rural.

5 Sumado a estas condicións sanitarias, a mocidade galega sofre unha pandemia  
6 silenciosa derivada das crises constantes do sistema capitalista e das  
7 dificultades para se emancipar. O impacto na nosa saúde mental é de tal  
8 magnitude, que o suicidio é xa a principal causa de morte non natural na  
9 mocidade, e que se acentúa no noso país (11,08/100 000 habitantes, fronte a  
10 7,8 de media no Estado español). A nosa sanidade pública presenta un déficit  
11 histórico de profesionais de saúde mental, con só 8,7 psiquiatras por cada  
12 100 000 habitantes (datos de 2021), lonxe das 13 ou 15 recomendadas pola  
13 OMS. Tamén contamos cunha ratio de persoal de psicoloxía clínica inferior á  
14 media estatal, con 5,2 persoas psicólogas por 100 000 habitantes, fronte aos 6  
15 no conxunto do Estado. Isto, xunto coas listas de espera para unha primeira  
16 consulta hospitalaria que superan os seis meses, mesmo un ano, leva moita  
17 mocidade a irremediabelmente procurar alternativas na privada, facendo así que  
18 só as persoas cunha boa situación económica poidan ter un tratamento axeitado  
19 e incrementando as desigualdades nas clases populares.

20 En materia de sanidade seguiremos a manter a liña mobilizadora que  
21 desenvolvemos durante este período, prestando atención ás cuestións que  
22 afectan especialmente a mocidade como a necesidade dun Plan de Saúde  
23 Mental eficaz, así como na defensa dunha sanidade pública ben dotada e con  
24 condicións dignas para o persoal do Sergas.

25 En resumo, no referido aos servizos públicos, fica patente unha falta de vontade  
26 política, obedecendo a unha lóxica colonial que se orienta a satisfacer os  
27 intereses económicos das grandes empresas e renega de ofrecer os servizos  
28 que precisa a sociedade galega, e que se agravan no rural. Por tanto, cómpre  
29 reaccionar con forza, exixindo unha maior dotación de recursos, tanto persoais  
30 como económicos, que nos garantan unha vida con servizos (sanidade,  
31 educación, mobilidade etc.) de calidade e adaptadas á nosa realidade nacional.  
32 Este é o camiño que debe seguir a mocidade que loita pola emancipación e por  
33 construír unha sociedade máis xusta e democrática.

#### 34 **A SITUACIÓN DA SAÚDE MENTAL NA MOCIDADE**

35 O suicidio é, como xa foi mencionado anteriormente, a principal causa de morte  
36 non natural na mocidade deste país e, alén diso, o consumo de ansiolíticos e  
37 antidepressivos sitúase entre os máis altos do Estado español. Esta tendencia  
38 vese agravada pola falta de medidas efectivas en saúde mental, como  
39 programas de detección precoz e intervención temperá, e pola saturación das  
40 consultas da sanidade pública. A escaseza de profesionais sanitarios limita de  
41 xeito evidente a calidade da atención e contribúe para o incremento do consumo  
42 de ansiolíticos entre a poboación moza. Non é casualidade que a Galiza presente



1 ao redor de 14 % de consumo de antidepressivos, triplicando o seu incremento  
2 nos últimos anos e situándose por riba da media estatal. Estes datos evidencian  
3 tanto a ineficacia do sistema sanitario para abordar as causas profundas do  
4 malestar psicolóxico como o fracaso dun sistema que, a través do falso mito da  
5 meritocracia, condena a mocidade a se esforzar de forma continua e intensa  
6 para atinxir obxectivos moitas veces imposíbeis.

7 Ao tempo, mediante un individualismo extremo, obriga as persoas mozas a  
8 competiren entre si e dificulta calquera proxecto baseado na axuda e  
9 colaboración mutuas, evitando, ademais, a crítica ao sistema capitalista. Mais o  
10 estado da saúde mental non só mostra a necesidade de loitarmos pola  
11 superación deste sistema económico, político e social, senón tamén evidencia  
12 un fracaso colectivo na sensibilización perante unha cuestión que continúa a ser  
13 prioritaria para a maior parte da sociedade galega.

14 A ignorancia, o silencio e o abandono das persoas con problemas de saúde  
15 mental, vítimas desta sociedade, non só as condenan a batallaren cunha  
16 situación terríbel, senón tamén a viviren no máis absoluto desamparo, ante unha  
17 sociedade que prefire ignorar este problema e cala cada vez que outra persoa  
18 decide acabar coa súa vida ou fica condenada a consumir ansiolíticos e  
19 antidepressivos para poder vivir.

20 É por isto polo que a saúde mental debe tornarse unha prioridade para a Galiza  
21 Nova. É indiscutíbel que debemos pór a nosa atención no sistema que nos afoga  
22 de forma constante e reclamar máis medios para facer fronte a unha situación  
23 límite; mais non por iso debemos esquecer que, concienciar a sociedade sobre  
24 a gravidade do problema, é fundamental para evitar a culpabilización que moitas  
25 veces sofren as vítimas e para comprender que non podemos continuar a ignorar  
26 unha realidade que xa acabou con demasiadas vidas.

## 27 **GARANTÍAS E LIBERDADES DEMOCRÁTICAS**

28 O constante aumento do investimento en defensa e armamento implica unha  
29 redución efectiva dos recursos destinados a políticas sociais, debilitando  
30 servizos públicos xa tensionados como a sanidade, a educación ou a atención á  
31 dependencia. É, por tanto, un obstáculo evidente para a mellora das condicións  
32 materiais das clases populares.

33 Paralelamente, constatamos unha perigosa normalización do exército como  
34 saída laboral para a mocidade, impulsada mediante campañas de propaganda  
35 nas redes sociais, feiras de emprego e centros de ensino. Converten así, a  
36 precariedade laboral nun instrumento de captación que fomenta a aceptación  
37 dun modelo baseado na obediencia e afastado dos valores de liberdade,  
38 pensamento crítico e compromiso social, engadida á deriva imperialista  
39 promovida desde a comunidade internacional.

40 Xunto a isto, cómpre denunciar tamén o branqueamento da monarquía española,  
41 presentada como garante de estabilidade, cando na realidade simboliza a



1 continuidade dun réxime que nega os dereitos nacionais e sociais da Galiza. A  
2 súa existencia perpetúa privilexios de clase, impunidade e dependencia  
3 económica, converténdose nun freo ao avance democrático e á soberanía  
4 popular.

5 Reafirmamos o noso compromiso histórico e presente coa loita contra o  
6 militarismo e a monarquía como expresións dun mesmo sistema de dominación  
7 que pretende perpetuar a submisión política e económica da nosa nación.  
8 Exemplo diso é a mobilización social impulsada por esta organización contra a  
9 presenza da princesa Leonor na Galiza. Unha mostra de dignidade fronte ás  
10 tentativas de normalizar a monarquía e de utilización de actos institucionais como  
11 instrumentos para o mesmo. Seguiremos, como sempre, do lado da xente e das  
12 causas xustas, traballando por unha Galiza soberana, desmilitarizada e libre de  
13 toda forma de dominación.

## 14 **LINGUA, CULTURA E IDENTIDADE: ANÁLISE DA SITUACIÓN E** 15 **PROPOSTAS DE ACTUACIÓN**

16 O galego, lingua propia da Galiza e minorizada desde hai séculos, é hoxe unha  
17 lingua minoritaria no noso país. O proceso de substitución lingüística en curso  
18 maniféstase de dous xeitos: a perda numérica de falantes, por unha banda, e o  
19 proceso de hibridación lingüística (castelanización do galego) por outra. Trátase  
20 dunha das manifestacións concretas da opresión nacional, xa que a lingua ten  
21 un papel central na configuración da identidade nacional e na disputa das  
22 consciencias. É precisamente por isto que as clases dominantes españolas teñen  
23 impulsado a imposición do castelán historicamente.

24 As forzas políticas españolistas seguen a facer avanzar, a través das institucións  
25 locais, estatais ou Xunta da Galiza, un programa abertamente antigalego  
26 encamiñado a acelerar o proceso de substitución lingüística. Porén, a pesar da  
27 conquista destas institucións supor un obxectivo táctico, non debemos esquecer  
28 que o marco autonómico é insuficiente para o noso obxectivo estratéxico no  
29 plano lingüístico: superar o proceso de substitución e devolver o galego a todos  
30 os sectores da sociedade e a todos os ámbitos dos que foi expulso. O caso  
31 catalán, onde a Generalitat de Catalunya ten operado historicamente a favor da  
32 lingua, sen poder frear o recúo da lingua, demostra a imposibilidade de  
33 avanzarmos decisivamente neste proxecto sen soberanía plena. Para isto,  
34 debemos atender non só ao noso traballo propio, senón tamén ao  
35 asociacionismo en defensa do idioma ou ao traballo institucional do nacionalismo  
36 neste eido, xa que ningunha das posíbeis actuacións está de máis perante a  
37 situación actual da lingua.

38 A defensa da lingua debe recuperar unha posición central na actividade  
39 organizativa. Cómpre superar a óptica liberal individualista que só pon o foco no  
40 individuo, sen esquecermos tampouco o potencial que ten cada persoa  
41 galegofalante como axente de socialización lingüística. A actividade da Galiza  
42 Nova debe centrarse na acción colectiva e ter como obxectivo xerar as



1 condicións para transformar radicalmente as estruturas legais, sociais e  
2 económicas que afoğan a lingua, sen que isto fiquen nunha abstracción teórica,  
3 senón que sexa coherente coa nosa práctica cotiá. Debe ser unha prioridade  
4 para a mocidade nacionalista, en primeiro lugar, desarticular a ideoloxía  
5 lingüicida do «bilingüismo harmónico» e da falsa liberdade de escolla,  
6 manufacturada para ocultar o acirrado conflito lingüístico. Mostrar a verdadeira  
7 natureza do proxecto españolista e evidenciar o conflito lingüístico é condición  
8 necesaria para tornar hexemónico entre a mocidade o proxecto nacionalista.

9 Por outra banda, o panorama sociolingüístico da mocidade mudou  
10 profundamente desde a creación da Galiza Nova. A organización, por tanto, debe  
11 ser quen de incorporar ao seu proxecto unha mocidade maioritariamente  
12 castelanfalante e que ten, en moitos contextos, escaso coñecemento e contacto  
13 coa lingua como consecuencia do proceso de colonización lingüística.

14 Neste contexto, a Galiza Nova debe asumir tamén unha tarefa fundamental:  
15 ofrecer á mocidade galega un espazo onde o uso da lingua estea normalizado,  
16 converténdose así nun lugar de aprendizaxe e de tomada de contacto coa lingua  
17 que posibilite adquirir o compromiso consciente e activo de recuperar o uso do  
18 galego, sempre segundo o ritmo da persoa e atendendo tamén a realidade das  
19 persoas inmigrantes. Ademais, debemos ter en perspectiva que o noso traballo  
20 debe ter un impacto alén da organización e servir para que a mocidade  
21 castelanfalante mude os seus hábitos lingüísticos e empregue cada vez máis o  
22 galego.

23 Colocar o foco no colectivo e non no individuo non significa renunciar ao principio  
24 da práctica consecuente, senón adaptalo ao contexto social e histórico actual.  
25 Existe un sector da mocidade que simpatiza coa causa da lingua, mais que  
26 carece dos espazos sociais onde a aprender e a usar. O purismo lingüístico,  
27 neste contexto, pode ser prexudicial: o nacionalismo xuvenil debe estar aberto a  
28 todas, sen que isto exima da tarefa de incorporar progresivamente o galego aos  
29 usos de cadaquén.

30 Por outra banda, cómpre ter presente que a progresiva castelanización da lingua  
31 é outro dos fenómenos que poñen en risco a súa supervivencia. Neste proceso  
32 de castelanización do galego, a Galiza Nova debe ser crítica cunha  
33 normativización que resultou nun galego afastado das súas formas xenuínas,  
34 illado e fraco ante a imposición do castelán. Por iso, alén da obriga de  
35 mellorarmos constantemente a nosa calidade lingüística, debemos abrazar a  
36 riqueza que nos ofrecen as diferentes variedades dos países lusófonos, así como  
37 a súa ortografía. Isto supón que, como nacionalistas conscientes coa  
38 supervivencia da lingua, ollemos para o binormativismo como unha ferramenta  
39 de grande utilidade, normalizando que cada persoa use publicamente a  
40 normativa do galego que considerar.

41 Outro dos ámbitos da disputa política é a loita cultural. O nacionalismo xuvenil  
42 debe combater a progresiva españolización, colonización e folclorización da



1 nosa cultura, promovidas desde dentro e fóra do país, e exemplificadas na  
2 concesión de subvencións e axudas millonarias por parte de institucións públicas  
3 a festivais e eventos que non apostan pola lingua galega. Neste sentido, cómpre  
4 denunciar os espazos que funcionan como vehículos de españolización (redes  
5 sociais, eventos deportivos, medios de comunicación e outros ámbitos de  
6 entretemento) que se traducen na exaltación dos símbolos e referentes españois  
7 alleos á realidade galega. Fronte a isto, debemos entender a organización como  
8 un ente que ten tamén unha función de creación, intervención e irradiación  
9 cultural.

10 A Galiza Nova debe fomentar o espallamento da nosa cultura desde unha  
11 perspectiva anticolonial, apostando por crear espazos que mostren o potencial  
12 artístico do noso país, por demandar que todo o contido audiovisual producido  
13 ou emitido na Galiza estea dispoñíbel integramente en galego ou por reclamar a  
14 oficialidade das seleccións deportivas galegas. É fundamental, neste contexto  
15 desfavorábel para a o galego, repararmos nos espazos asociativos do país que  
16 centren o seu traballo na normalización lingüística. Como militantes  
17 nacionalistas, as comarcas deben analizar a actividade local enfocada no  
18 fomento do uso do galego e, se for necesario, apoiala participando activamente  
19 en cada convocatoria ou axudando na divulgación de cada actividade mediante  
20 as redes sociais ou mesmo actos públicos. É importante, por tanto, apoiarmos  
21 os encontros e as accións da plataforma Queremos Galego e os esforzos por  
22 conseguir unha inmersión lingüística total entre crianzas da Rede de Escolas de  
23 Ensino Galego Semente.

24 Tamén cómpre facer un traballo de clarificación política entre a mocidade neste  
25 ámbito, pois non hai cultura plenamente descolonizada e libre baixo o xugo da  
26 opresión nacional. A Galiza Nova debe promover unha cultura galega viva,  
27 diversa e contemporánea. Isto inclúe non só a preservación do patrimonio, senón  
28 tamén o diálogo co presente e coas novas formas de expresión da mocidade. A  
29 defensa da cultura debe ser unha ferramenta de transformación social e de  
30 fortalecemento da consciencia nacional. Así pois, apostar pola cultura galega é  
31 tamén reafirmar o orgullo de sermos galegas e desmontar o discurso de  
32 inferioridade cultural imposto polo Estado español.

33 Á luz do anterior, a loita pola emancipación nacional emerxe como esencial para  
34 unha resolución plena da cuestión lingüística e cultural. Visibilizar o conflito e  
35 hexemonizar o proxecto nacionalista son as tarefas ideolóxicas da organización,  
36 con vista a xerar as condicións necesarias para a emancipación nacional. Só  
37 desde a soberanía poderemos garantir un sistema cultural autoxestionado, con  
38 medios de comunicación propios, políticas culturais deseñadas desde e para o  
39 país, e un sistema educativo que forme novas xeracións comprometidas coa súa  
40 lingua e coa súa cultura.

41 **ECOLOXISMO E ESPOLIO COLONIAL: ANÁLISE DA SITUACIÓN E**  
42 **PROPOSTAS DE ACTUACIÓN**



1 O ecoloxismo é unha parte fundamental do proxecto político da Galiza Nova. O  
2 papel que exerce a Galiza como colonia do Estado español fai que se sitúen no  
3 noso país as fases das cadeas produtivas de máis consumo de recursos e  
4 impacto no medio ambiente, facendo do ecoloxismo unha cuestión transversal á  
5 nosa loita pola liberación nacional.

6 O nacionalismo galego leva décadas loitando contra este tipo de proxectos  
7 extractivistas, coloniais e lesivos co medio, como a central nuclear de Xove, o  
8 complexo térmico das Encrobas, a celulosa de Ence ou o espolio eólico, entre  
9 moitos outros exemplos.

10 Recentemente, houbo un proxecto que protagonizou e segue a protagonizar  
11 grande parte do traballo no ámbito do ecoloxismo, como é a macrocelulosa que  
12 a empresa Altri pretende instalar na comarca da Ulloa, en pleno corazón do país.  
13 A súa instalación suporía o reforzo do monocultivo de eucalipto nos nosos  
14 montes, empeorando a xa alarmante situación actual; un consumo de auga  
15 equivalente ao de toda a provincia de Lugo, e a contaminación do ar, a terra e a  
16 auga tanto da comarca da Ulloa como de todos os territorios polos que discorre  
17 o río Ulla, cuxo ecosistema ficaría completamente alterado polo aumento da  
18 temperatura da auga e os refugallos vertidos. Altri representa non só unha  
19 bomba ecolóxica, senón un novo exemplo de proxecto colonial no noso país,  
20 polo que é fundamental a súa paralización.

21 Así mesmo, é fundamental seguir a atender tamén, como até o momento, o resto  
22 de ameazas contra o noso país:

- 23 • O espolio que supón a actual formulación da enerxía eólica, tanto en terra,  
24 con novos proxectos de tamaño e impactos moi superiores aos polígonos  
25 actuais, como no mar, co proxecto de instalación no noso litoral de  
26 polígonos eólicos mariños que ameazan os nosos ecosistemas e un  
27 sector produtivo de tanta relevancia como a pesca.
- 28 • O extractivismo de recursos minerais considerados como críticos  
29 auspiciado pola Unión Europea, e que responde á escalada bélica que o  
30 capital leva promovendo nos últimos anos coa tentativa de instauración  
31 de varias minas que actúen como sustentadoras da industria da guerra,  
32 con claros exemplos como o proxecto da mina de litio de Doade.
- 33 • A existencia de incendios forestais que ameazan con ser cada vez máis  
34 frecuentes e de maior afección para o noso territorio, como resultado da  
35 combinación do cambio climático, dunha nula xestión da masa forestal por  
36 parte da Xunta do Partido Popular, dun modelo de monocultivo de  
37 especies pirófitas en lugar dunha distribución de mosaico de especies  
38 autóctonas, da falta de prevención e do abandono do rural; e que neste  
39 ano 2025 provocaron consecuencias desastrosas para o monte, a vida e  
40 o gado, especialmente no macizo central e naquelas localidades  
41 afectadas polo despoboamento. Cómpre apostar por un sistema  
42 silvopastoril, en que se combinen aproveitamentos forestais, gandeiros e  
43 ambientais. Este sistema beneficiará a produción local, o mantemento da



1 biodiversidade, a prevención de incendios forestais e a xeración de futuro  
2 no rural.

- 3 • Un modelo de gandaría en intensivo artellado en macrogranxas,  
4 focalizado na maximización da produción ás costas dun produto de menor  
5 calidade e maiores impactos ambientais, fronte a un modelo, que  
6 defendemos por ser máis beneficioso, en extensivo de produción de  
7 calidade e mantemento das pradarias e outros ecosistemas que actúan  
8 como sumidoiros de dióxido de carbono. A ameaza da implantación de  
9 macroplantas de biogás, para o cal existen varios proxectos ao longo do  
10 país que están a ser declarados PIE por parte da Xunta de forma  
11 sistemática. Isto limita a marxe de manobra dos concellos e, de facto,  
12 elimina a posibilidade de paralizar a implementación destas industrias no  
13 ámbito institucional, deixando todo en mans da mobilización popular.  
14 Estas plantas prometen ser un exemplo de economía circular e ecoloxía,  
15 ao tempo que na práctica son grandes industrias con impacto ambiental  
16 cuxo lucro principal radicarán na especulación no mercado dos créditos de  
17 carbono, acabado de regular pola Xunta no Decreto 95/2025 do 15 de  
18 setembro.

19 Todas estas situacións que acabamos de citar, e que foron xurdindo nos últimos  
20 tempos, tiveron en fronte á Galiza Nova na defensa da nosa terra e do noso  
21 futuro, diante dunha Xunta do Partido Popular e dos seus *lobbies* amigos que  
22 pularon en todo momento polos seus propios intereses económicos e políticos  
23 sen ollaren o máis beneficioso para o pobo galego. A resposta que demos mostra  
24 unha mocidade implicada, activa e con desexos de ser dona do seu futuro,  
25 motivo polo que debemos sentirnos co orgullo do traballo desenvolvido neste  
26 tempo.

27 Con todo, o camiño a percorrer aínda é longo e debemos seguir a traballar coa  
28 mesma intensidade e implicación que até o momento, para pór verdadeiro freo  
29 aos intereses coloniais que o grande capital imprime no noso territorio, así como  
30 seguir a colocar o foco en moitas das problemáticas que actualmente vivimos,  
31 co gallo de xerar as mudanzas necesarias para protexer o noso porvir e o do  
32 noso contorno. Construír alternativas economicamente rendíbeis e  
33 ecoloxicamente sustentábeis é unha necesidade para a Galiza no seu conxunto  
34 e, en consecuencia, para a nosa organización.

35 Como militantes promocionaremos a colaboración activa ou a militancia na nosa  
36 organización ecoloxista de referencia, ADEGA (Asociación para a Defensa  
37 Ecolóxica da Galiza), e para a loita en concreto contra a macrocelulosa de Altri,  
38 a Plataforma Ulloa Viva.

39 Ademais, a través desta participación neste ou noutros espazos ecoloxistas,  
40 trasladaremos os nosos posicionamentos, tamén nos proxectos de xestión de  
41 recursos e bens como son os dos nosos montes comunais, as comunidades  
42 enerxéticas ou as traídas de augas, buscando a promoción da  
43 multifuncionalidade do monte, o aumento da biodiversidade a autoxestión dos



1 nosos recursos e do uso eficiente da auga. Debemos adquirir, á súa vez, un  
2 papel fundamental na defensa dun rural vivo, en que as actividades económicas  
3 non depredadoras formulen unha alternativa real para reverter o éxodo rural e  
4 asegurar un futuro na terra, cun modelo de agro que olle polo benestar animal e  
5 a alimentación saudábel, e se avance na soberanía alimentar galega, indo da  
6 man das organizacións que representan os intereses das labregas e das persoas  
7 do rural. Así mesmo, acreditamos na necesidade dunha moratoria indefinida á  
8 plantación de eucalipto como ferramenta para reverter o impacto ecolóxico desta  
9 especie invasora.

10 A Galiza Nova defende o uso das enerxías renovábeis fronte ás fontes fósiles  
11 como o petróleo ou o carbón, mais acorde a un modelo de xestión e planificación  
12 pensado para as clases populares, de propiedade pública ou social,  
13 descentralizado, que minimize e mitigue os impactos negativos das centrais  
14 (eólicas, hidráulicas, de biogás, solares etc.) no medio ambiente e na poboación,  
15 e que reverta os beneficios económicos no territorio. Posicionámonos fronte ao  
16 capitalismo verde, que vende como transición o uso das tecnoloxías renovábeis  
17 e a minaría de materiais para estas, cando só operan como nichos de mercado  
18 rendíbeis para poder perpetuar os ciclos de acumulación e concentración de  
19 capital nun reducido número de multinacionais. A crise ecolóxica é consecuencia  
20 directa do funcionamento do sistema capitalista e, por iso, só poderá  
21 solucionarse coa abolición deste.

22 Por último, debemos manter o noso liderado na defensa dos valores ambientais,  
23 paisaxísticos e patrimoniais, chamando o resto da mocidade a se sumar ás  
24 campañas que impulsemos, así como continuar a defender unha militancia  
25 exemplar no seo da organización; pulando por unha mobilidade sustentábel que  
26 aposte polo transporte colectivo ou público nos desprazamentos por motivos  
27 organizativos, evitando a impresión en papel de material innecesario,  
28 promovendo e facilitando o consumo de produtos de proximidade naquelas  
29 actividades que se impulsen ou prestando atención á xestión dos residuos  
30 xerada na actividade diaria. Todo isto coa convicción de que a modificación dos  
31 comportamentos individuais, se ben son necesarios, non son nin serán a  
32 solución dos problemas ambientais, senón é preciso unha mudanza sistémica  
33 para acadar unha sociedade verdadeiramente sustentábel.



## 1 FEMINISMO E AVANCE DA ONDA REACCIONARIA: ANÁLISE DA 2 SITUACIÓN E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

3 Encontrámonos nun momento de avance da extrema dereita e da onda  
4 reaccionaria a nivel mundial, non restrinxindo ao plano electoral senón visíbel  
5 tamén nun lavado de cara mediático que se presenta como «moda antisistema»,  
6 normalizando discursos machistas, LGBT+fóbicos, racistas e ultraespañolistas.  
7 Estas mensaxes penetran na mocidade a través das redes sociais, medios e  
8 institucións onde se interiorizan contidos que demonizan o feminismo  
9 (acusándoo de xerar privilexios ou de ser alleo ás «preocupacións reais» da  
10 mocidade), reproducen estereotipos misóxinos e cuestionan dereitos  
11 conquistados, presentando o feminismo e os avances das mulleres traballadoras  
12 como as principais inimigas, en canto se normaliza a violencia contra estas, o  
13 que xera unha maior vulnerabilidade para as mozas galegas e contribúe para  
14 rachar coa consciencia nacional e de clase, debilitando os dereitos sociais e a  
15 propia soberanía dos pobos. Fronte a esta realidade, a mocidade galega  
16 organizada ten o deber de fortalecer un feminismo combativo que enfrente a  
17 reacción e avance para unha Galiza libre e de mulleres liberadas.

18 Esta estratexia busca deslexitimar décadas de loita, e vai impregnando entre  
19 sectores xuvenís que carecen de referentes sólidos e de espazos de formación  
20 crítica. Ao mesmo tempo, o contexto económico e social actúa como caldo de  
21 cultivo: a mocidade galega vive precariedade laboral, dificultades de acceso á  
22 vivenda e falta de perspectivas de futuro, situación que se agrava no caso das  
23 mulleres mozas. Nese escenario, a extrema dereita ofrece respostas simples e  
24 falsamente reconfortantes, canalizando o malestar cara ao odio contra mulleres,  
25 persoas LGBT+, inmigrantes e contra todo colectivo que cuestione os privilexios  
26 estabelecidos.

27 Non pode existir emancipación da mocidade galega sen mozas libres de  
28 violencias. Os últimos datos mostran unha fenda salarial do 25 % na Galiza,  
29 sendo un indicador certo das desigualdades persistentes na nosa sociedade.  
30 Seguimos sen contar cunha garantía dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos  
31 (carecendo, así, dunha atención sanitaria digna e de calidade, en que seguimos  
32 a sufrir violencia sobre os nosos corpos), nin co recoñecemento e respecto á  
33 diversidade. Por iso, entendemos que só podemos conquistar a Galiza a que  
34 aspiramos, cun proxecto certo de emancipación nacional, construindo unha  
35 sociedade plenamente libre e xusta, rachando coas dinámicas de subordinación  
36 que limitan a participación integral das mulleres. Por iso, a loita feminista, a  
37 emancipación xuvenil e a emancipación nacional, son loitas inseparábeis no  
38 camiño para a Galiza ceibe e soberana.

39 Fronte ao avance reaccionario, a mocidade galega organizada debe asumir o  
40 feminismo como ferramenta de transformación social. Neste sentido, cómpre  
41 manter unha postura crítica cunha suposta esquerda que, baixo o pretexto da  
42 regulación, pretende lexitimar a prostitución como «traballo sexual». Así pois,  
43 resulta contradictorio definirse como forza anticapitalista en canto se defende



1 unha das industrias máis lucrativas do sistema neoliberal, sostida sobre a  
2 mercantilización dos corpos das mulleres. A súa existencia non amplía dereitos,  
3 senón que reproduce a pobreza, a violencia e a explotación estrutural das  
4 mulleres. Ademais, é necesario combater a crecente aceptación social desta  
5 mercantilización (prostitución, ventres de alugueiro, trata e explotación sexual ou  
6 industria pornográfica), avanzando para a abolición da prostitución, perseguindo  
7 os proxenetas e os prostituídores, e apoiando as mulleres prostituídas, con  
8 dereito a saíren dese sistema con liberdade e dignidade.

9 Só un feminismo combativo, coherente coas loitas de clases e coa soberanía  
10 nacional, poderá garantir unha Galiza libre e capaz de derrotar as opresións que  
11 limitan o noso futuro. A nosa acción política debe ser certa: rachar co machismo,  
12 construír unha mocidade consciente e organizada, capaz de traballar pola  
13 construción dun país xusto, igualitario e soberano.

14 É por isto que as mozas galegas organizadas na Galiza Nova apostamos por  
15 unha análise transversal da realidade, tamén con perspectiva de xénero. Porque  
16 se non analizamos o conxunto completo, non seremos quen de avanzar na nosa  
17 emancipación nin na loita contra toda opresión.

18 Apostamos pola participación no feminismo galego organizado, nomeadamente  
19 na Marcha Mundial das Mulleres, porque entendemos que, fronte ao avance  
20 reaccionario que tamén afecta o feminismo, sobre todo o que respecta aos  
21 dereitos das mulleres trans, cómpre referendar ferramentas que aseguren un  
22 feminismo transversal e inclusivo, antiimperialista, galego e anticapitalista.

## 23 **LOITA LGBT+ E AVANCE DA ONDA REACCIONARIA: ANÁLISE DA** 24 **SITUACIÓN E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN**

25 No último período, o movemento LGBT+ estivo atravesado por unha forte  
26 ofensiva reaccionaria, ao mesmo tempo que acadaba avances parciais no eido  
27 legislativo. Deste xeito, a aprobación da Lei para a igualdade real e efectiva das  
28 persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGBT+, resultado das  
29 dúas propostas iniciais (Lei Trans e Lei LGBT+), supuxo unha mellora relativa  
30 que ficou escasa en aspectos fundamentais. En canto ao dereito á libre  
31 autodeterminación de xénero, debemos seguir a exixir que sexa un dereito  
32 universal, para o cal é preciso que se recoñeza plenamente as persoas trans  
33 menores de idade, que fican peor nesta lei ca como estaban antes, así como as  
34 persoas non binarias e as persoas inmigrantes, pois ambos os colectivos están  
35 excluídos da lexislación actual. Da mesma forma, debemos loitar por conseguir  
36 que se implanten medidas reais e efectivas contra a discriminación estrutural que  
37 seguen a padecer as persoas LGBT+.

38 A nivel galego, a preocupación aumenta por diferentes motivos. Cómpre  
39 salientar o aumento da violencia LGBT+fóbica nas rúas, alentada pola sensación  
40 de impunidade que provoca a presenza institucional e mediática da extrema  
41 dereita. Así mesmo, o abandono por parte da Xunta da Galiza de políticas  
42 públicas en materia de igualdade e diversidade estanca posíbeis avances no



1 contexto lexislativo galego, sen novas actualizacións e recursos que combatan  
2 a onda reaccionaria. O movemento LGBT+ galego leva anos a reclamar unha  
3 Lei galega de identidade de xénero, que o Partido Popular veta constantemente.

4 Ademais, con respecto á Lei galega pola igualdade de trato e a non  
5 discriminación das persoas LGBT+, en vigor desde 2014, xa non é só que precise  
6 unha renovación e ampliación, senón que a súa mera existencia non garante a  
7 protección efectiva dos dereitos que proclama, facendo necesaria non só a súa  
8 actualización e ampliación, senón tamén un compromiso firme que asegure a  
9 súa implementación. A actuación do goberno da Xunta, caracterizado pola  
10 desidia administrativa e pola insuficiencia de recursos orzamentarios, impide que  
11 as poucas medidas contempladas na lei se apliquen de xeito efectivo, o que se  
12 traduce nunha afectación directa á calidade de vida das persoas LGBT+, que  
13 continúan expostas a situacións de discriminación, exclusión e vulnerabilidade.

14 En canto ao sistema sanitario, as persoas trans e non binarias seguen a sufrir  
15 unha patoloxización constante nas consultas médicas. A solución a isto pasa por  
16 reclamar unha formación actualizada ao persoal sanitario en diversidade sexual  
17 e de xénero, prestando especial atención aos procesos de transición das persoas  
18 trans e non binarias, así como a aprobación dun protocolo de atención sanitaria  
19 por parte do Sergas que garanta unha atención non patoloxizante e respectuosa  
20 coas persoas trans e non binarias, o cal deberá contar coa voz do movemento  
21 LGBT+ galego.

22 Cómpre destacar a realidade crítica das persoas inmigrantes LGBT+, quen  
23 chegan á Galiza buscando acougo fronte as situacións e persecucións dos seus  
24 países de orixe e encóntranse cunha dobre ou tripla discriminación,  
25 incrementada polo racismo estrutural, o machismo e a LGBT+fobia. As mulleres  
26 inmigrantes, principalmente as que están en situación irregular, son vítimas  
27 dunha vulnerabilidade extrema fronte á explotación laboral, á violencia sexual e  
28 á negación de dereitos esenciais.

29 Do mesmo xeito, nos últimos anos observamos como emerge con forza no  
30 movemento feminista, mesmo dentro da esquerda organizada, o discurso trans-  
31 excluínste (TERF), o cal supón un risco significativo para o conxunto do  
32 movemento LGBT+. A naturalización destas concepcións contribúe para a  
33 reprodución de dinámicas de exclusión e violencia, ao tempo que lexitima  
34 retóricas hostís promovidas por sectores reaccionarios e ultraconservadores.  
35 Así, o discurso TERF, presentado como un debate teórico sobre a «abolición do  
36 xénero», opera como un vector de desestabilización das conquistas en materia  
37 de dereitos, o que dificulta o desenvolvemento de políticas públicas orientadas á  
38 igualdade e á diversidade. A consolidación deste tipo de discursos xera procesos  
39 de fragmentación e conflito ao negar o recoñecemento das identidades trans e  
40 seguir unha lóxica binaria, reproducindo os mecanismos de exclusión sobre os  
41 que se ergue o patriarcado. En termos materiais e simbólicos, esta dinámica  
42 tradúcese nun incremento da vulnerabilidade das persoas trans e non binarias,  
43 tanto no acceso á saúde e á educación como no ámbito da seguranza persoal e



1 a saúde mental. Por todo isto, o auxe do discurso TERF debe interpretarse non  
2 só como unha ameaza puntual, senón como un desafío estrutural aos principios  
3 de interseccionalidade que sustentan o movemento feminista e LGBT+. A  
4 resposta a esta ofensiva pasa por manter unha acción clara e rachar con toda a  
5 LGBT+fobia.

## 6 **VAGA REACCIONARIA E AVANCE DA EXTREMA DEREITA**

7 Nos últimos anos, asistimos a unha vaga reaccionaria que, tanto no plano  
8 internacional como no estatal, alimenta discursos de odio contra as persoas  
9 inmigrantes, a xente empobrecida e calquera colectivo considerado «diferente».  
10 Estes discursos, lonxe de seren espontáneos, responden á necesidade do  
11 capital no norte mundial de manter man de obra en condicións precarias e de  
12 sobreexplotación, utilizando o racismo e a disciplina social como ferramentas  
13 para garantir estas condicións. Así, a socialdemocracia e a dereita e extrema  
14 dereita acaban por seren complementarias: en canto unha espalla marcos  
15 restritivos e lexítima actuacións, a outra leva ao extremo esa mesma lóxica e  
16 emprega o odio para dividir as clases populares e consolidar o sistema.

17 A extrema dereita, ademais, procura presentarse como unha opción  
18 «antisistema» ou «rebelde», especialmente atraente para sectores da mocidade  
19 que padecen a crise social e económica e non encontran respostas claras  
20 noutros espazos políticos. Mais, tras esa estética supostamente alternativa,  
21 escóndese unha alianza entre os elementos máis reaccionarios da burguesía,  
22 que precisa crear supostos culpábeis para ocultar o fracaso estrutural do  
23 capitalismo neoliberal.

24 Na Galiza, estes marcos discursivos tamén se reproducen, non só nas redes  
25 sociais, senón tamén en episodios recentes de agresións a persoas inmigrantes  
26 ou persecución de persoas que viven na rúa. Este tipo de actuacións pretenden  
27 xerar un problema social que non é real e introducir o marco discursivo en que  
28 medran as mensaxes ultras e españolistas. No noso país, estas mensaxes  
29 reaccionarias veñen da man de ataques ao dereito de autodeterminación e á  
30 loita pola soberanía política, así como a negación da nosa realidade nacional.

31 Así, temos que asumir a responsabilidade de ofrecer unha alternativa propia, sen  
32 caermos nos marcos do españolismo nin nas trampas discursivas do odio.  
33 Cómpre combater ideoloxicamente o avance destas ideas, centrando a crítica no  
34 sistema e evidenciando as súas causas estruturais: o imperialismo, a división  
35 centro-periferia e a explotación diferenciada dos pobos do sur mundial. Desde  
36 unha perspectiva internacionalista, debemos intensificar a solidariedade con  
37 estes pobos e, ao mesmo tempo, defender aquí os dereitos das persoas  
38 inmigrantes e a unidade entre traballadoras autóctonas e inmigrantes.

39 É fundamental organizar as clases populares galegas ao redor dun proxecto  
40 político que aposte pola integración social, pola igualdade de dereitos e polo  
41 avance democrático, rexeitando o odio ao diferente e cunha axenda política  
42 propia afastada de mimetismos estériles.



1 Non podemos esquecer que moita mocidade é atraída por estes discursos, non  
2 por ter conviccións reaccionarias, senón por verse seducida por unha alternativa  
3 fácil ao actual estado de crise e corrupción. É necesario, por tanto,  
4 desenvolvermos unha estratexia de difusión do noso ideario que non deixe  
5 espazo para o odio e que combata esta idea, evidenciando a alternativa  
6 nacionalista como a verdadeiramente transformadora.



## TESE ORGANIZATIVA

### **INTRODUCCIÓN: A IMPORTANCIA DUNHA ORGANIZACIÓN FORTE, COHESIONADA E CON PRESENZA POLA BASE PARA A LIBERACIÓN NACIONAL**

A Asemblea Nacional da Galiza Nova ten como obxectivo ser un espazo de reflexión e decisión colectiva en que sexamos nós mesmas quen nos dotemos das ferramentas necesarias para afrontar os retos do futuro.

Esta tese organizativa non debe entenderse como un simple documento destinado a exhibir a democracia interna da organización, senón como folla de ruta con que fortalecer a nosa capacidade política nun contexto de conflito social aberto no noso país.

Só co construído polas milleiras de compañeiras que fixeron parte da Galiza Nova ao longo dos seus 37 anos de historia podemos comprender o sentido da nosa acción política. A nosa organización non é a suma de individualidades, é o proxecto común que nos fai avanzar, superar debates e transformar as ideas en feitos.

A esencia do nacionalismo (e tamén desta organización xuvenil) reside na súa identidade asemblearia. Só a través das achegas das militantes ao longo e largo do país, poderemos dar resposta aos retos que enfrenta a mocidade galega. Contar cunha militancia ampla, activa e cohesionada non é só un obxectivo, é unha condición indispensable para a propia existencia da Galiza Nova.

Cómpre, por tanto, activar e ampliar a nosa base militante e simpatizante, xa que diso dependerá directamente o reforzo das asembleas locais e comarcais; espazos que son e deben ser unha canle de información, debate e mobilización, onde poidan participar todas as persoas que sintan a Galiza como nós a sentimos, sexan ou non militantes.

Neste período que agora deixamos atrás, demos un salto cualitativo no noso funcionamento territorial: as comarcas adquiriron unha maior autonomía, capacidade de decisión e de acción, o que permitiu dinamizar o traballo e adaptalo mellor ás realidades de cada zona. O reto que temos diante é consolidarmos esta transformación, garantindo que as estruturas comarcais e locais sigan a ser o motor da organización e espazos de referencia para a incorporación de nova militancia.

Para que todo isto sexa posíbel, precisamos dunha estrutura organizativa áxil, pouco burocrática e con alta capacidade de organización, que sosteña a acción política da nosa militancia na rúa, nas institucións e nos movementos sociais.

Un elemento central para avanzar é a comunicación, tanto interna como externa. A comunicación interna debe reforzar o debate, o contraste e a formación, garantindo que todas as militantes teñan acceso e coñezan con claridade aos nosos posicionamentos. Pola outra banda, a comunicación externa debe ser



1 clara, directa e incisiva, facendo chegar o noso discurso ao conxunto da  
2 mocidade galega. Desta Asemblea Nacional debemos saír coa vontade de  
3 avanzar para os seguintes obxectivos:

- 4 • Ampliar a militancia e favorecer a súa participación activa no día a día da  
5 organización.
- 6 • Dotar a nosa militancia das mellores ferramentas formativas, para que  
7 sexa quen de defender o noso argumentario político en todos os espazos.
- 8 • Aumentar a incidencia do noso discurso entre a mocidade galega,  
9 mostrando análises e alternativas que contribúan a construír máis país.
- 10 • Consolidar e fortalecer a estrutura comarcal, como base imprescindible  
11 para unha organización forte, áxil e con presenza na sociedade.
- 12 • Incidir na expansión territorial da organización, garantindo a nosa  
13 presenza cotiá na totalidade do país, alén dos grandes núcleos.
- 14 • Mellorar a comunicación interna e externa, entendéndoa como eixo  
15 estratéxico para garantir cohesión, transparencia e maior impacto político.

## 16 **O DÍA A DÍA**

### 17 **A REALIDADE COMARCAL**

18 A organización comarcal é un pilar fundamental no día a día do traballo político,  
19 pois é a que trata directamente coa mocidade no territorio e a que serve de  
20 referencia inmediata en cada zona. No último período, a estrutura comarcal viviu  
21 avances importantes, exemplificados na creación de novos núcleos e o reforzo  
22 dos xa existentes, o que favoreceu e consolidou a actividade militante no  
23 conxunto do país. Porén, tamén houbo comarcas cunha menor capacidade de  
24 dinamización e que, en consecuencia, ficaron máis estancas ou mesmo sen  
25 actividade regular. Isto obríganos a asumir como prioridade, cando for necesario,  
26 o acompañamento por parte da Dirección Nacional ás Direccións Comarcais,  
27 ofrecéndolles ferramentas para promover a súa activación. O obxectivo ha de  
28 ser atinxir a autonomía organizativa das comarcas, con capacidade de iniciativa  
29 e decisión propia, garantindo unha estrutura máis eficiente e adaptada ás  
30 realidades de cada territorio.

31 Como organización nacional non podemos permitir que xeracións de mozas  
32 nacionalistas fiquen polo camiño por non teren un espazo de referencia no seu  
33 territorio. É por isto que cómpre garantir unha estrutura viva que organice e que  
34 sexa punto de encontro da mocidade galega en cada comarca do país. Neste  
35 sentido, no último período acertouse ao descentralizar actos e acción impulsadas  
36 pola Dirección Nacional, tentando pisar todos os recunchos da Galiza. Esta  
37 dinámica debe consolidarse para reforzar o proxecto da Galiza Nova como  
38 organización nacional con presenza en todo o territorio. Ademais, teñen especial  
39 importancia tamén as campañas locais ou comarcais que nos permiten actuar  
40 directamente nun ámbito máis próximo e achegar a Galiza Nova a diferentes  
41 espazos onde está a mocidade, mellorando a nosa referencialidade e  
42 capacidade de introdución social.



1 Toda nova militancia ten dereito a coñecer o funcionamento interno da Galiza  
2 Nova e a se familiarizar coas teses e ferramentas organizativas. O  
3 acompañamento ás novas incorporacións debe abordarse con boa  
4 comunicación e con formas humanas e próximas. Por outra banda, cómpre  
5 sermos conscientes de que, dependendo da situación vital, académica ou  
6 laboral, o grao de implicación pode variar, mais isto nunca debe considerarse  
7 como algo negativo. A nosa responsabilidade é encontrar a fórmula máis acaída  
8 para favorecer a participación de cada perfil, ofrecendo diferentes canles de  
9 implicación.

10 A distribución das tarefas no seo da comarca é outro aspecto fundamental. É  
11 necesario que as direccións comarcais funcionen como equipos, partillando  
12 responsabilidades, creando dinámicas colectivas e interpelando a todas as  
13 militantes.

14 Neste labor, a Guía de Responsabilidades Comarcais xoga un papel central.  
15 Debe estar permanentemente actualizada e servir para orientar o traballo diario,  
16 das pautas sobre como realizar unha faixa a como preparar un acto, unha  
17 xornada formativa, unha campaña comarcal ou como desenvolver unha  
18 asemblea. Cómpre, ademais, que toda a militancia coñeza esta guía,  
19 especialmente quen forme parte das direccións comarcais, constituíndo unha  
20 ferramenta útil que reforce a autonomía organizativa.

21 É necesario tamén aproveitar a posibilidade de crear estruturas complementarias  
22 cando a situación o requira: grupos de traballo específicos para tarefas  
23 concretas, grupos locais en determinadas vilas ou grupos sectoriais. Estas  
24 fórmulas permiten descentralizar mellor o traballo e mellorar a capacidade de  
25 acción. Porén, é fundamental garantir transparencia e boa coordinación coa  
26 asemblea. Ao tempo, cómpre asumir os límites da capacidade organizativa e  
27 evitar caer nunha burocratización que non favorece o traballo. O fundamental é  
28 que estas estruturas complementen e nunca obstaculicen o labor da comarca.

29 Por último, é importante que as asembleas comarcais non se convertan  
30 unicamente en espazos de traballo organizativo. Débese procurar tamén  
31 espazos de debate político e de formación no ámbito comarcal que acheguen  
32 ferramentas ideolóxicas e formativas a toda a militancia para non depender  
33 exclusivamente de convocatorias nacionais.

#### 34 **EXPANSIÓN ORGANIZATIVA: AFILIACIÓN E SIMPATIZANTES**

35 A Galiza Nova, como ferramenta fundamental para a transformación social, ten  
36 vontade de ser hexemónica entre a mocidade galega e, como tal, o aumento de  
37 militancia e simpatizantes é e será un obxectivo central, a ter sempre en conta  
38 na nosa actividade política. Debemos intensificar este traballo, aumentando a  
39 implantación organizativa territorial e realizando un seguimento periódico da  
40 incorporación de nova militancia, así como da súa integración real na  
41 organización.



1 Neste período o funcionamento da organización foi desigual e é preciso reforzar  
2 o papel de axuda da dirección política da Galiza Nova nas comarcas, así como  
3 traballar pola constitución de asembleas comarcais onde non existan. Ademais,  
4 será fundamental apoiar a expansión organizativa daquelas comarcas con pouca  
5 afiliación e a dinamización das menos activas. O medre da organización é chave  
6 para a liberación nacional, por tanto, o conxunto da organización debe prestar  
7 atención ao funcionamento da súa respectiva comarca e ao traballo de  
8 proselitismo necesario.

9 Para garantir o crecemento da afiliación á Galiza Nova é fundamental que se  
10 realice un procesamento correcto das solicitudes de afiliación, coa  
11 sistematización e seguimento das mesmas por parte da responsabilidade de  
12 simpatizantes, as responsabilidades comarcais e as locais.

13 As novas afiliacións fortalecen a nosa organización e a nosa capacidade de  
14 mobilización, mais para que isto sexa así é preciso un acompañamento das  
15 novas altas que garanta a transmisión dos nosos principios, o coñecemento  
16 destas teses e do funcionamento interno da Galiza Nova, ademais de fomentar  
17 a participación activa. Isto é fundamental para consolidar as novas afiliacións e  
18 que deveñan en militantes activas, críticas, conscientes e consecuentes.

19 A atención aos coñecementos, gustos ou preferencias das novas compañeiras  
20 son esenciais para a integración efectiva das mesmas, así como favorecer a súa  
21 integración no traballo de base. Neste punto resulta fundamental que as  
22 comarcas teñan dinámicas de traballo adecuadas e que o conxunto da militancia  
23 da Galiza Nova teña ese papel integrado, especialmente as responsabilidades  
24 comarcais. Así mesmo, igual de importante é potenciarmos espazos de  
25 socialización e coidado militante entre compañeiras. A creación de comunidade  
26 é parte do noso traballo ao ser unha ferramenta máis de resistencia fronte ao  
27 individualismo e ao illamento que nos impón o sistema.

28 As persoas simpatizantes da nosa organización xogan un papel fundamental á  
29 hora de nos manteren conectadas coa realidade social e son unha ferramenta  
30 de autocrítica e mellora que non debemos ignorar. Cómpre que tomemos a serio  
31 os censos de simpatizantes e traballemos nunha comunicación periódica con  
32 elas, que lles partillemos información e as convidemos aos nosos actos e  
33 asembleas, pasando polo troco de pareceres.

34 Finalmente, debemos ser quen de nos adaptarmos ao mundo cambiante en que  
35 vivimos e responder con novas formas de intervir na sociedade que aumenten a  
36 nosa capacidade de introdución social, isto é, esforzármonos en renovar o noso  
37 marco de acción política.

38 Debemos ser quen de organizarmos a crecente mocidade inmigrante, non só  
39 desde a nosa organización política, senón tamén desde o conxunto de  
40 movementos sociais de que formamos parte. Debemos contribuír para o  
41 desenvolvemento de iniciativas que favorezan a súa integración e contrarresten  
42 os discursos de odio, así como traballar na formación política para canalizar a



1 súa forza nunha alternativa transformadora capaz de evitar a marxización social  
2 e a lumpenización das persoas racializadas en maior situación de precariedade.

### 3 **A FORMACIÓN MILITANTE COMO BASE ORGANIZATIVA**

4 «Coñecer para intervir», unha máxima que lonxe de ser unha simple consigna  
5 ou un slogan que utilizar puntualmente, debe ser a idea principal que rexa a  
6 percepción da formación tanto ideolóxica como organizativa dentro da Galiza  
7 Nova. A militancia nacionalista aspira sempre a intervir socialmente e a participar  
8 da realidade política aquela que esta for e é indubidábel que para o conseguir  
9 correctamente é necesaria a formación.

10 A Galiza Nova, como organización de masas, ten un deber no ámbito formativo  
11 coa militancia que a conforma; se ben é certo que a formación, do punto de vista  
12 da adquisición de coñecementos, continúa a ser un deber militante individual, a  
13 organización non debe esquecer o seu cometido neste ámbito que terá de ser  
14 de axuda e acompañamento. A Galiza Nova ten o deber de fornecer ferramentas  
15 e material ás militantes, en definitiva, ofrecer formación. Mais non unha  
16 formación ríxida e inflexíbel que só se limite á aprendizaxe de contidos concretos,  
17 senón unha formación que consiga trasladar a necesidade de ollar de forma  
18 crítica a realidade material que nos rodea e fomentar a análise rigorosa de aquilo  
19 que acontece no país e no mundo como ferramenta para a acción política  
20 tanxíbel e concreta do día a día. Ademais, un dos obxectivos principais da  
21 formación que esta organización ofrezca á súa militancia ten que ser o de clarificar  
22 de maneira meridiana a necesidade do nacionalismo para o pobo galego e do  
23 principio de autoorganización para conseguir os nosos propósitos tácticos e  
24 estratéxicos.

25 A Dirección da Galiza Nova debe traballar con seriedade de cara a que a  
26 militancia xuvenil nacionalista sexa quen, a través dos instrumentos que a  
27 organización lle fornecer, de comprender como funciona o poder económico, o  
28 poder político ou os poderes fácticos, e como isto afecta o país e as súas clases  
29 populares. Só con estes alicerces de análise crítica da realidade se poderá  
30 construír unha militancia máis formada en todos os ámbitos. Révelase  
31 imprescindible, ademais, dado o mundo en que vivimos, que a organización e a  
32 militancia nacionalista comprendan como facer avanzar o proceso de tomada de  
33 consciencia das masas a partir das condicións actuais. En parte, iso está ligado  
34 coa nosa capacidade de persuadirmos e trasladarmos o noso discurso, xa sexa  
35 colectivamente como organización ou individualmente como militantes en  
36 diferentes ámbitos, sabendo ben o que debemos transmitir e como o facer.  
37 Porén, cómpre ter claro que o traballo de facermos avanzar as nosas posicións  
38 e elevarmos a consciencia das masas non é unha cuestión meramente  
39 comunicativa, senón tamén depende en grande medida de garantirmos a fonda  
40 formación ideolóxica da nosa militancia.

41 Ao mesmo tempo, e de xeito complementario, a formación debe funcionar como  
42 un mecanismo para axudar a superar as carencias organizativas, converténdose



1 nun espazo de análise e mellora continua. Certos procesos formativos deberían  
2 partir de necesidades concretas da organización, traducíndose nunha tarefa  
3 definida, derivando na formación correspondente e culminando coa realización  
4 práctica desa aprendizaxe no conxunto da organización. Deste xeito, non  
5 percibimos a formación unicamente como un exercicio teórico ou ideolóxico,  
6 senón tamén como unha ferramenta de resolución de debilidades internas,  
7 fortalecendo o funcionamento interno e mellorando a capacidade resolutive da  
8 Galiza Nova.

9 O nacionalismo e o soberanismo galegos non contan con grandes medios de  
10 comunicación ou co poder económico para facer avanzar o seu discurso nas  
11 diferentes capas sociais do pobo galego. Contamos, iso si, coa nosa voz e co  
12 noso discurso. Por iso, cada militante desta organización debe servir como  
13 altofalante do ideario político que defendemos e pode traballar de cara a tentar  
14 convencer, a través da argumentación, da necesidade do nacionalismo para o  
15 país galego. Desde a Área Nacional de Formación tense traballado ao longo  
16 deste período neste ámbito, se ben é preciso seguir esta liña de acción.

17 Para alén diso, o debate é unha ferramenta esencial da formación. Este debe  
18 ser fomentado a nivel xeral e específico tanto nas comarcas como a nivel  
19 nacional. As asembleas comarcais tamén poden servir para atinxir obxectivos  
20 formativos, se nelas se fomenta o debate e o contraste de ideas. O traballo neste  
21 ámbito non pode recaer só na Dirección da Galiza Nova a nivel nacional, as  
22 comarcas desempeñan un papel altamente importante, xa que nelas a militancia  
23 pode ver un espazo amábel no cal se expresar, adquirir habilidades e se formar.  
24 As responsabilidades comarcais deben, por tanto, implicarse activamente neste  
25 eido, xa sexa a través da organización de xornadas de formación ou do  
26 fornecemento de material á militancia; reparando sempre en que o Grupo  
27 Nacional de Formación da Galiza Nova pode axudar en todo momento naquilo  
28 que for necesario. Así, as xornadas nacionais de formación son unha moi boa  
29 ferramenta, mais non se deben desbotar posíbeis xornadas de formación  
30 comarcais ou mesmo locais para as complementar.

31 É evidente que necesitamos aínda avanzar moito no relativo á formación da  
32 militancia da Galiza Nova. A poboación á cal diriximos a nosa mensaxe está no  
33 inicio da súa militancia política, polo que é vital non esquecermos que a  
34 formación non se pode limitar a unha palestra concreta ou a un material puntual,  
35 senón ten de ser unha peza estratéxica que asegure que cada nova xeración de  
36 militantes conta coas ferramentas necesarias para facer fronte ao inimigo e para  
37 crear máis nacionalistas. Así, os cadros políticos da nosa organización teñen que  
38 ser referentes ideolóxicos que consigan transmitir o ideario do nacionalismo  
39 galego non só a través da formación, senón tamén a través da participación en  
40 espazos de debate, de masas ou tamén no ámbito institucional.

41 Sen formación, unha organización política corre o risco de caer no voluntarismo,  
42 de actuar por inercia ou de perder a súa capacidade de acción. Con formación,  
43 porén, a organización pode converterse nun grupo humano consciente, con



1 capacidade de análise e con visión estratéxica. A Galiza Nova é parte dun  
2 proxecto nacionalista amplo que loita por unha Galiza dona de si e para  
3 desempeñar este papel de intervir no día a día da mocidade galega, precisamos  
4 dunha militancia formada que non se deixe levar nin polo ruído mediático nin  
5 polos discursos superficiais e baleiros de contido, senón que saiba interpretar a  
6 realidade do país desde unha perspectiva propia, nacionalista e puramente  
7 revolucionaria. Para iso, necesitamos teoría, naturalmente, mais sempre  
8 dotándoa de praxe para non caermos na parálise ideolóxista ou no debate estéril  
9 que non conduce a ningún fin nin a ningún avance para o noso pobo.

## 10 **PRÁCTICA CONSECUENTE DA MILITANCIA NACIONALISTA**

11 A militancia política é sempre unha actividade que exige compromiso e  
12 dedicación. A militancia nunha organización nacionalista na Galiza actual require  
13 un compromiso e dedicación aínda maiores. En primeiro lugar, porque a causa  
14 nacionalista, a causa pola liberación nacional do noso país, conta unicamente  
15 coa forza que as súas militantes fornezan e non con ningún poder mediático nin  
16 económico. E, en segundo lugar, porque no contexto actual —ante o  
17 individualismo, a atomización da sociedade e a desafección política traducida en  
18 desorganización— se torna máis importante do que nunca o noso papel militante  
19 e o noso esforzo por sumar máis mocidade ao nacionalismo.

20 Deste modo, a nosa militancia non pode ser concibida de maneira pasiva ou  
21 como máis unha forma de consumo, o nacionalismo non se pode reducir a unha  
22 simple afiliación, a unha cota ou a unha opción electoral. A diferenza das forzas  
23 de ámbito estatal que contan cunha articulación política, cultural e económica  
24 que xoga ao seu favor, nós imos contracorrente e temos un obxectivo  
25 revolucionario: a liberación nacional do noso país. Por iso, a nosa militancia, que  
26 entendemos como unha loita, require sermos axentes activas en todos os  
27 ámbitos que nos for posíbel.

28 A nosa práctica política debe ser consecuente cos nosos principios. Se  
29 queremos transformar a realidade, debemos comezar polo noso ámbito máis  
30 próximo e primeiro por nós mesmas, é dicir, termos unha práctica consecuente  
31 cos nosos obxectivos políticos. Neste sentido, a coherencia lingüística é  
32 esencial, de empregarmos o galego en todos os ámbitos sociais e cotiáns a  
33 sermos persoas activas na existencia e defensa da presenza do galego nos  
34 mesmos, pasando por outras mudanzas simbólicas mais importantes como  
35 restaurarmos os nomes e apelidos deturpados á súa forma orixinal galega.

36 Ademais, resulta especialmente importante que esteamos orgullosas da nosa  
37 militancia, pois a visión que proxectamos as persoas da Galiza Nova inflúe de  
38 maneira fundamental na percepción social que ten a nosa organización. Do  
39 mesmo xeito, non debemos subestimar a capacidade de convicción do noso  
40 discurso entre a mocidade galega, por iso, non debemos renunciar a levalo aos  
41 espazos que partillamos con persoas que, se non fose por nós, non terían ouvido  
42 os argumentos do nacionalismo.



## 1 PARTICIPACIÓN NO BNG

2 A Galiza Nova é a organización xuvenil do BNG e, como tal, a participación da  
3 súa militancia na Fronte da cal facemos parte é imprescindible e, ademais,  
4 proveitosa. A experiencia que dá a militancia xuvenil e o coñecemento de  
5 primeira man de que supón o nacionalismo galego organizado no ámbito xuvenil,  
6 achega unha visión moi positiva para o conxunto do BNG e axuda as nosas  
7 compañeiras da Fronte a comprenderen mellor o que acontece nas xeracións  
8 máis novas do pobo galego. As análises e as propostas que desde a Galiza Nova  
9 se fixeren deben chegar ao Bloque a través da militancia e para iso, como é  
10 obvio, é precisa unha participación activa da mocidade da Galiza Nova no BNG.  
11 Para tal propósito, no período interasemblea entrante, as eleccións municipais  
12 de 2027 deberán ter un especial interese como ferramenta para a captación de  
13 novas militantes na nosa Fronte.

14 O avance do nacionalismo galego depende, en boa medida, da implicación activa  
15 e dinámica da mocidade soberanista no ámbito que for, tamén no BNG. Só así  
16 se poderán asentarse os alicerces das futuras responsábeis políticas e  
17 organizativas da Fronte. Participar no día a día do BNG, se ben ás veces pode  
18 ser dificultoso, é unha necesidade para o nacionalismo galego.

19 Así mesmo, partindo do carácter común do BNG como fronte patriótica, as  
20 relacións entre a Galiza Nova e o BNG deben ser entendidas como un  
21 desenvolvemento bilateral, de ida e volta, que teña en conta as especificidades  
22 da actuación política das dúas organizacións e a necesaria autonomía que se  
23 deriva do anterior. Do mesmo xeito, para que esas relacións sexan  
24 verdadeiramente proveitosas, hai que ter en conta o ámbito xuvenil en que se  
25 desenvolve.

26 A Galiza Nova ten as súas propias condicións específicas e o eido institucional,  
27 aínda que necesario, non é o único nin o principal ámbito de traballo para o  
28 avance do nacionalismo galego. Nese sentido, o dereito da Galiza Nova como  
29 organización xuvenil nacionalista a desenvolver de forma autónoma a nosa  
30 propia actividade e axitación política, sempre desde o compromiso e a lealdade  
31 co avance xeral do nacionalismo galego, ha de ser o pilar desde o que se forxe  
32 a relación entre as dúas organizacións.

## 33 OS CARGOS INSTITUCIONAIS DA GALIZA NOVA COMO FERRAMENTA 34 POLÍTICA

35 No seo do BNG apóstase pola mocidade da Galiza Nova naquilo que ten a ver  
36 coa representación institucional. Así o evidencian os datos de persoas mozas  
37 que ocupan cargos deste tipo nas diferentes institucións. Após as eleccións ao  
38 Parlamento da Galiza de febreiro de 2024, a Galiza Nova conta con dous  
39 deputados e nas corporacións municipais contamos con 30 concelleiras e  
40 concelleiros aproximadamente. Ademais, no relativo á composición das listas  
41 electorais, a presenza de xente nova é moi relevante no BNG e é superior á  
42 doutras formacións políticas coas cales competimos electoralmente. No último



1 período tiveron lugar dous comicios: aos parlamentos galego e europeo.  
2 Atendendo aos datos, nas eleccións ao Parlamento Galego, das listas do Bloque  
3 Nacionalista Galego nas catro circunscricións, até 13 % estaban compostas por  
4 militantes da Galiza Nova ou persoas menores de 30 anos (no BNG a militancia  
5 da Galiza Nova representa 10 % aproximadamente). No caso das eleccións ao  
6 Parlamento Europeo, tres mozas fixeron parte da candidatura do BNG,  
7 representando 21 % desta.

8 Esta participación e representación supón unha vantaxe clara á hora de expor  
9 nestas institucións as problemáticas e demandas da xuventude galega, sendo  
10 moito máis positivo que sexa unha persoa moza quen exprese estas eivas e  
11 exixencias nas institucións do que unha persoa que non fai parte do noso ámbito  
12 xeracional. É nestas institucións onde se deseñan en boa parte as políticas  
13 públicas que aseguran e que condicionan a vida diaria da mocidade, polo que se  
14 revela imprescindible facermos parte delas. Cada militante da Galiza Nova nun  
15 concello, no Parlamento ou en calquera outra institución é un altofalante das  
16 propostas políticas, das necesidades e das reivindicacións da xente nova deste  
17 país.

18 Porén, as dinámicas institucionais poden ás veces desviar a atención ou facer  
19 desatender o traballo diario da Galiza Nova nas rúas do país, algo que se debe  
20 tentar evitar en todo momento. Debemos ter claro que a nosa participación en  
21 institucións é só unha das moitas ferramentas coas que conta a nosa  
22 organización para a consecución dos nosos obxectivos políticos, mais non é a  
23 única ferramenta e, en moitas ocasións, nin a máis eficaz.

24 Por iso, aquelas militantes que ostentaren cargos de representación institucional  
25 deben reparar en que non se poden ver atrapadas polas dinámicas que se xeran  
26 nas institucións e que será preciso, por tanto, ter sempre un pé na rúa. Será  
27 preciso, ademais, avaliar por parte da organización o traballo feito e os beneficios  
28 que esta representación forneza para a Galiza Nova e o conxunto do movemento  
29 nacionalista.

## 30 **FORTALECER A ORGANIZACIÓN FEMINISTA**

31 A Galiza Nova como organización da mocidade nacionalista galega, é e debe ser  
32 sempre unha ferramenta de loita polos dereitos das mulleres. Esta é parte  
33 fundamental e transversal de todo o proxecto de emancipación nacional, indo  
34 moito máis alá da conmemoración de efemérides. Por iso, no plano organizativo  
35 e social, é necesario que todo o traballo da Galiza Nova incorpore a perspectiva  
36 de xénero e se desenvolva cunha linguaxe inclusiva e non sexista.

37 A nosa acción non se limita, por tanto, a campañas feministas: estes principios  
38 guían o conxunto da actividade da Galiza Nova, da planificación á execución,  
39 asumindo a tese feminista no eixo da nosa acción política. A elaboración deste  
40 traballo corresponde á Asemblea de Mulleres, mais a súa execución e  
41 participación corresponde a toda a militancia da Galiza Nova, pertencen ou non  
42 á Asemblea de Mulleres.



1 Isto require un traballo diario que permita ás militantes expresárense libremente,  
2 tomaren decisións colectivas e debateren sobre os temas de actualidade,  
3 construíndo espazos de encontro onde partillar problemáticas e artellar  
4 respostas. Para isto, resulta fundamental a formación interna: tanto no día a día  
5 dos organismos como en xornadas específicas a nivel nacional ou comarcal,  
6 debemos promover aprendizaxes colectivas que fortalezan a organización  
7 combatendo, sinalando e contribuindo para deconstruír os roles patriarcais e os  
8 discursos machistas. Como militantes individuais debemos trasladar a todos os  
9 espazos en que participemos o noso posicionamento nacionalista, feminista e  
10 transincluínte. Así mesmo, traballaremos pola consolidación dun asociacionismo  
11 feminista en chave nacional.

## 12 **FORTALECER A ORGANIZACIÓN INCLUSIVA**

13 A Galiza Nova tamén é e debe ser unha organización claramente comprometida  
14 coa defensa dos dereitos das persoas LGBT+, pois a loita pola diversidade  
15 sexual e de xénero é tamén parte da loita pola emancipación nacional, xa que  
16 non hai país libre se existen nel persoas que non poden vivir en liberdade, sen  
17 visibilidade e con medo ao odio e á discriminación.

18 Por tanto, a perspectiva LGBT+ debe estar presente en todo o funcionamento da  
19 organización, non como unha área illada, senón integrada na planificación das  
20 campañas, na comunicación, nos espazos internos e nas intervencións públicas.  
21 É necesario garantir que todas as persoas poidan participar plenamente e  
22 expresarse sen medo a estigmas nin a actitudes opresoras. Isto require un  
23 traballo consciente para identificar e desmontar prexuízos e comportamentos  
24 LGBT+fóbicos que poidan aparecer, mesmo de maneira inconsciente, nos  
25 espazos onde militamos.

26 Para isto, é fundamental tamén a formación interna neste ámbito. Debemos  
27 desenvolver procesos formativos que nos doten das ferramentas necesarias  
28 para coñecermos a realidade das persoas LGBT+, para a acompañarmos e  
29 podermos combater os discursos de odio que seguen presentes na nosa  
30 sociedade. Estas aprendizaxes deben darse tanto en xornadas e campañas  
31 específicas como na práctica política e no día a día dos órganos, facendo  
32 transversal tamén esta loita. Ademais, debemos favorecer a participación de toda  
33 a militancia tanto nas actividades formativas concretas como na execución das  
34 campañas nesta materia, así como favorecer a súa participación en colectivos e  
35 espazos LGBT+ das localidades e establecer redes con organizacións que  
36 traballan abertamente pola visibilización das loitas e problemáticas concretas  
37 destes movementos, nomeadamente con Avante LGBT+, tanto a nivel nacional  
38 como nas diferentes localidades. É importante que a Galiza Nova axude a  
39 achegar o discurso LGBT+ á mocidade galega, contribuindo, así, para crear unha  
40 sociedade máis diversa, inclusiva e respectuosa, onde todas as persoas poidan  
41 existir con dignidade.

## 42 **COMUNICACIÓN POLÍTICA COMO FERRAMENTA ESENCIAL**



## 1 Comunicación externa

2 Neste período interasemblaer a Galiza Nova conseguiu dar un salto cualitativo  
3 na súa comunicación. Por primeira vez, mantivemos un fluxo constante de  
4 traballo en redes sociais, cunha presenza regular, planificada e recoñecíbel. A  
5 isto sumouse un avance chave: a maior autonomía das comarcas na xestión das  
6 súas contas. Este modelo permitiu chegar a máis mocidade ao nos mostrarmos  
7 máis próximos á súa realidade e estarmos máis presentes nos medios que  
8 acostuman consumir.

9 Xunto ao crecemento dixital, cómpre salientar o fortalecemento da nosa acción  
10 de rúa. Cunha imaxe gráfica renovada e máis estábel, fomos quen de producir  
11 un grande número de deseños de cartaces que nos deron unha presenza  
12 constante e dinámica nas rúas. Con todo, debemos seguir a aumentar a nosa  
13 presenza de rúa en todo o país empregando todas as formas de expresión ao  
14 noso alcance, alén da cartelaría.

15 Neste sentido, temos que seguir a avanzar para que o apartado gráfico siga en  
16 evolución constante e que, pola súa parte, a militancia sexa quen de difundir os  
17 materiais dun xeito máis uniforme ao longo do país, evitando que sexan sempre  
18 as comarcas con maior militancia as que desenvolvan o traballo de rúa máis  
19 atractivo.

20 Tamén neste período acadamos un maior impacto nos medios de comunicación,  
21 grazas á posta en marcha de accións máis vistosas que foron recollidas nos  
22 medios tradicionais. Este crecemento supón un paso importante para que as  
23 nosas mensaxes cheguen alén das nosas propias canles e para ampliar a nosa  
24 proxección pública.

25 De cara ao futuro, o reto principal é establecer un marco de imaxe corporativa  
26 unificado, que garanta que a identidade da Galiza Nova sexa recoñecíbel en  
27 todas as nosas comunicacións, tanto a nivel nacional como comarcal.

### 28 • **Comunicación nacional**

#### 29 **As redes sociais**

30 As redes sociais consolidáronse como a principal porta de entrada da mocidade  
31 aos nosos posicionamentos. Neste período fomos quen de manter unha certa  
32 continuidade e planificación a respecto da xeración de contidos e unha  
33 capacidade de resposta áxil ante os sucesos de importancia no país.

34 Cómpre lembrar que, se ben a continuidade é importante, debemos ser quen de  
35 poder levar a cabo publicacións espontáneas con maior alcance. Non todas as  
36 publicacións teñen que ser tendencia, mais debemos ser capaces de garantir  
37 que, de maneira periódica, algunhas teñan un impacto amplo que garanta un  
38 público estábel nas nosas redes. Do mesmo xeito, é importante tamén continuar  
39 no reto de ampliar o alcance en redes sociais cara a un público con escasa  
40 consciencia nacional ou non afín. Este labor depende directamente dunha



1 resposta rápida e adecuada ás problemáticas da actualidade política, o que  
2 implica manter un debate interno constante para reaccionar con axilidade sen  
3 perder a análise.

4 Ademais, é fundamental continuar co traballo iniciado neste período en materia  
5 de formación da militancia, asegurando que todas as compañeiras que xestionan  
6 redes teñan claro como o faceren e contén cos coñecementos necesarios para  
7 aproveitaren ao máximo o potencial comunicativo da organización. Neste  
8 sentido, tamén é fundamental a formación destas compañeiras para un uso  
9 axeitado e xenuíno da lingua en canto á ortografía, expresión e linguaxe  
10 inclusiva.

### 11 **As redes sociais comarcais**

12 As redes comarcais deron un paso adiante grazas á maior autonomía para  
13 xestionar os seus propios perfís. Isto permitiu unha comunicación máis próxima,  
14 conectada coa realidade, proxectando unha imaxe de organización viva no  
15 territorio.

16 O reto é manter esa dinamización constante, combinando contidos propios con  
17 materiais nacionais adaptados ao contexto de cada comarca, e consolidar unha  
18 rede descentralizada, mais cunha identidade común. Por iso, debemos garantir  
19 que as comarcas empreguen de maneira efectiva os recursos gráficos que xa  
20 teñen á súa disposición, garantindo unha liña visual coherente e unificada en  
21 toda a organización.

22 En calquera caso a formación específica ás compañeiras encargadas de  
23 xestionaren as redes comarcais debe ampliarse para garantir que todas contén  
24 coas ferramentas para producir un contido de calidade que poida trasladar unha  
25 boa imaxe da organización, quer por medio de xornadas de formación, quer pola  
26 redacción dun manual da responsabilidade comarcal de redes.

### 27 **A páxina web**

28 A web segue a ser o espazo central da organización, mais a renovación realizada  
29 neste período foi mínima. Cómpre abordar no seguinte unha reforma integral,  
30 tanto de deseño como de funcionalidade, que permita converter a web nun  
31 espazo áxil, actualizado e atractivo.

32 Debe ser o lugar en que figure todo o traballo da organización, recollendo con  
33 regularidade tanto a actividade nacional como a comarcal, ofrecendo análises,  
34 propostas e materiais que a convertan nun punto de referencia para a mocidade  
35 galega interesada no nacionalismo. Ao mesmo tempo, debe reforzar a súa  
36 dimensión de comunicación interna, facilitando á militancia o acceso a recursos  
37 e información organizativa.

### 38 **Mocidade**

39 A revista Mocidade é a nosa ferramenta anual de difusión política e formativa  
40 que combina análise, proposta e actualidade. O reto principal do vindeiro período



1 debe ser conseguir presentala nun formato máis atractivo e traballarmos na súa  
2 difusión, especialmente en formato dixital, garantindo que todos os números  
3 (pasados e futuros) sexan dixitalizados e accesíbeis a través da páxina web.

#### 4 **Actualidade Galiza Nova**

5 O traballo político da organización a todos os niveis debe ser difundido entre a  
6 nosa base simpatizante dun xeito máis amplo. Para iso, será preciso elaborar  
7 documentos mensuais de traballo realizado que sexan difundidos a través do  
8 boletín dixital Mocidade Gz coas simpatizantes, garantindo que persoas que  
9 nalgún momento contactaron coa organización poidan seguir a recibir  
10 información das nosas análises e actividades.

#### 11 **Os medios de comunicación**

12 O noso impacto nos medios tradicionais incrementouse neste período, froito de  
13 accións máis vistosas que gañaron presenza pública. Debemos manter esta liña,  
14 fortalecendo a coordinación entre Nacional e comarcas para asegurar unha  
15 presenza constante.

16 Será esencial ampliar o contacto con medios comarcais, así como consolidar  
17 unha listaxe actualizada por comarca que facilite o envío regular de notas e  
18 conferencias de prensa e materiais de difusión.

#### 19 **Traballo na rúa**

20 Para desenvolver o traballo político da Galiza Nova é fundamental ter presenza  
21 nas rúas de todas as localidades do país, polo que debemos reforzar o traballo  
22 organizativo e comarcal por todas as vías: coladas de cartaces, colocación de  
23 faixas, reparto de voandeiras, realización de murais etc. co obxectivo de garantir  
24 que as campañas da nosa organización cheguen ao maior número de persoas  
25 mozas galegas.

26 Somos coñecedoras de que este é un traballo que, en ocasións, xera  
27 rexeitamento, críticas e ameazas por parte doutras organizacións e partidos do  
28 sistema. Mais, é importante sermos conscientes de que é practicamente a única  
29 forma de expresión pública que temos, que é perfectamente válida e que  
30 debemos desenvolvela con plena normalidade e mesmo con máis intensidade  
31 ante estas situacións.

#### 32 Comunicación interna

33 Neste período interasemblar a comunicación interna da Galiza Nova foi boa en  
34 liñas xerais. Mantivéronse as diferentes canles de comunicación interna cunha  
35 periodicidade axeitada. Por unha parte, contamos coa comunicación cotiá entre  
36 a Secretaría Xeral e a Área de Organización Nacional e as responsabilidades  
37 comarcais ou locais. Pola outra, durante este período continuouse mellorando o  
38 Galiza Nova Comunicación como ferramenta de comunicación interna áxil para  
39 o conxunto da militancia, así como as circulares nacionais enviadas ás  
40 responsabilidades comarcais e locais en que se recollen os acordos tomados e



1 as liñas para a planificación do traballo político, tanto da Dirección Nacional como  
2 da Comisión Permanente.

3 Debemos seguir traballando na sistematización da comunicación a todos os  
4 niveis: entre a militancia e as responsabilidades a nivel local e comarcal e destas  
5 cos organismos nacionais. Así, é preciso aumentar a periodicidade dos  
6 contactos entre a Secretaría Xeral e a Área de Organización Nacional coas  
7 responsabilidades comarcais, para garantir un mellor coñecemento e apoio á  
8 realidade das comarcas. Así mesmo, non debemos descoidar a comunicación  
9 coa base militante, pois ter unha militancia ben conectada coas decisións e  
10 informacións nacionais máis relevantes é fundamental para garantir un bo  
11 coñecemento e funcionamento da organización.

12 Neste sentido, alén das canles estritamente formais, outra ferramenta que  
13 estamos a empregar na actualidade é o grupo de difusión da Dirección Nacional  
14 en WhatsApp. Esta ferramenta permítenos dar avisos rápidos sobre cuestións  
15 de urxencia ou notificar o envío de correos á Dirección Nacional, garantindo que  
16 todas as persoas integrantes teñan constancia do seu envío. Isto tamén deber  
17 servir para canalizar as informacións importantes a través dos grupos comarcais  
18 e locais.

19 En ningún caso o uso de aplicacións de mensaxes instantáneas debe substituír  
20 as canles formais, como o correo electrónico ou a comunicación vía telefónica,  
21 para a convocatoria de asembleas e a organización de actividades nas  
22 comarcas. Canles como Whatsapp ou Telegram deben servir de apoio para as  
23 convocatorias e para manter un fluxo de información regular coa militancia. É  
24 preciso recalcar que unha das mellores vías para manter unha comunicación  
25 efectiva nas comarcas é a chamada telefónica, que non debe ser substituída por  
26 mensaxes. Con todo, é preciso medir a periodicidade desta chamadas e ter en  
27 conta as preferencias de cada militante.

28 Debemos prestar atención ás persoas que dan o paso de ocuparen postos de  
29 responsabilidade e explicarmos con claridade como se debe realizar a  
30 comunicación coa militancia, para o que é fundamental facer seguimento das  
31 novas responsabilidades e actualizar o manual de responsabilidades comarcais  
32 de maneira funcional.

33 Para garantir o bo funcionamento da organización e a nosa implantación no país,  
34 é chave o traballo das asembleas comarcais e locais, sendo preciso garantir que  
35 as convocatorias de asembleas non se realicen en prazos curtos e non  
36 estatutarios, dificultando a participación. Ademais, as responsabilidades  
37 comarcais deben pular por integrar toda a militancia nas convocatorias e informar  
38 dos acordos para aquelas que non poden asistir. As distintas asembleas  
39 representan a principal canle de comunicación entre a militancia e a dirección  
40 política da organización.

41 **INTERNACIONALISMO E INTERORGANIZACIÓN**



1 *Relacións internacionais: facer que a Galiza exista no mundo*

2 No plano das relacións internacionais, no último período houbo un crecente  
3 interese por parte de numerosas organizacións internacionais sobre a situación  
4 das nacións sen estado dentro do Estado español, e nomeadamente do caso da  
5 Galiza e o nacionalismo galego, máis concretamente a raíz dos excelentes  
6 resultados electorais obtidos nos últimos anos. Estes resultados sitúannos entre  
7 os grupos con máis representación no seu parlamento dentro da esquerda  
8 soberanista europea.

9 Deste xeito, a presenza da Galiza Nova foi solicitada por un grande número de  
10 organizacións, o que provocou que en moitas ocasións non fose posíbel acudir  
11 debido á coincidencia de varios eventos nas mesmas datas. Tamén tivemos que  
12 desculpar por coincidir con actos relevantes no seo da nosa organización.

13 Salientábel nestes dous anos foi tamén a decisión de saírmos da organización  
14 xuvenil da Alianza Libre Europea (EFAy), de que facíamos parte desde hai anos,  
15 por diferenzas moi significativas, sobre todo en posturas que nós consideramos  
16 fundamentais como son os Dereitos Humanos e a condena do xenocidio que o  
17 Estado de Israel está a cometer sobre a poboación palestina en Gaza. Isto  
18 pedímolos a través dunha moción na súa Asemblea Xeral do ano 2024, mais só  
19 a apoiaron as forzas soberanistas do Estado. Desde esa asemblea, decidimos  
20 non participar en ningún acto da EFAy, nin convidar o Bureau de dita  
21 organización aos nosos actos.

22 Por esta razón, no vindeiro período debemos continuar o traballo do anterior, sen  
23 renunciar nunca aos principios internacionalistas e solidarios que representan  
24 esta organización, prestando unha coidadosa atención ao mantemento das  
25 relacións xa existentes e estudar posíbeis novas relacións.

26 Por conseguinte, é importante contar cun amplo grupo de persoas que estean  
27 dispostas e preparadas para poder representar a nosa organización  
28 internacionalmente, para así non termos que desculpar a nosa asistencia en  
29 ningunhas das ocasións e que a Galiza Nova puiden estar presente en todos os  
30 espazos posíbeis.

31 Finalmente, debemos reiterar que os nosos contactos con organizacións  
32 internacionais continuarán a basearse en relacións en pé de igualdade e  
33 beneficio mutuo, tanto con organizacións nacionalistas e independentistas  
34 dentro do Estado español ou da Europa, como movementos de liberación  
35 nacional, organizacións lusófonas e aquelas que teñan principios  
36 antiimperialistas de forma máis xeral, partillando connosco os principios de  
37 liberación nacional e de xustiza social.

38 Neste sentido, consideramos especialmente importante reforzarmos os lazos  
39 coas organizacións xuvenís soberanistas das nacións sen estado do Estado  
40 español, entendendo que partillamos un mesmo inimigo político e un escenario  
41 de opresión conxunto. Así, a coordinación e o establecemento de estratexias



1 de acción conxunta poden resultar positivas para avanzarmos colectivamente  
2 para a liberación nacional dos nosos pobos, favorecendo unha dinámica de  
3 solidariedade e aprendizaxe mutua.

#### 4 Movimentos sociais

5 O proceso de liberación nacional non é unha loita que debamos librar  
6 exclusivamente desde o marco frontista en que estamos inseridas como  
7 militantes da Galiza Nova e do BNG, mais un combate colectivo que temos que  
8 librar da man do conxunto do tecido asociativo do país.

9 A creación de consciencia nacional é un dos nosos principais obxectivos, onde  
10 o frontismo ten un papel protagonista, porque a conquista dunha República  
11 galega só pode chegar se un pobo consciente da súa propia opresión nacional  
12 puxa por ela. Porén, este non é o único espazo desde o que debemos traballar.

13 É por isto que as diferentes organizacións, asociacións, plataformas e centros  
14 sociais que traballan dentro dun marco de acción nacional e baixo uns valores  
15 progresistas son fundamentais para asegurarmos a nosa vitoria, polo que este  
16 ha de ser un plano en que prestemos especial atención no vindeiro período  
17 interasemblar, pulando por unha participación activa nestes espazos

18 Abrirmos unha constante comunicación coas diferentes organizacións que teñen  
19 unha implantación nacional é fundamental, xa que deste relacionamento poden  
20 xurdir sinerxías e traballo conxunto dirixido cara ao avance das nosas  
21 aspiracións estratéxicas. Polo feito de estar estruturado nacionalmente e actuar  
22 sectorialmente, o relacionamento con este tecido asociativo debe ser obxectivo  
23 dunha planificación no Grupo de Traballo de Movimentos Sociais.

24 Ademais, a comunicación desde o marco comarcal ha de ter máis peso nas  
25 asembleas, pois o ámbito local é o noso ámbito de intervención directo e, deste  
26 xeito, podemos gañar referencialidade en espazos de alta concienciación  
27 nacional. Isto, tamén, pode chegar a ser unha vía de entrada de nova militancia.

28 Repararmos nos centros sociais é unha encomenda para o novo período  
29 interasemblar, como se veu facendo neste, xa que son espazos desde onde  
30 podemos xerar actividade para un público politizado e desde os que podemos  
31 tecer redes colaborativas directas co tecido asociativo local. É importante non só  
32 a dinamización dos centros sociais con actividade propia, mais tamén fomentar  
33 unha participación directa da militancia da Galiza Nova como socias.

34 En definitiva, prestarmos unha especial atención aos movementos sociais é  
35 chave para que o proxecto político do nacionalismo galego consiga ampliar a súa  
36 base militante e a súa masa de simpatizantes; así como para ampliarmos o nivel  
37 de consciencia nacional das clases populares galegas.

#### 38 **FINANZAS**

39 O autofinanciamento e independencia económica da Galiza Nova son dous  
40 piares chave para o desenvolvemento correcto e coherente como organización



1 que batalla pola liberación nacional e social da Galiza. Isto supón que o conxunto  
2 da organización debe facer un grande esforzo por soste o financiamento propio,  
3 de cara a garantirmos a independencia externa.

4 Se ben o autofinanciamento nos permite manter a nosa independencia fronte a  
5 intereses alleos, é certo tamén que nos limita á hora de podermos desenvolver  
6 o noso traballo político ou de podermos garantir a cobertura de calquera tipo de  
7 gasto. Así, tórnase fundamental o compromiso activo militante co correcto  
8 desenvolvemento financeiro da organización, a principiar polo cumprimento do  
9 pagamento ordinario das cotas, tamén pulando pola venda de material en  
10 espazos populares ou respectando o procedemento establecido para  
11 autorización e xustificación de gastos a seren cubertos pola organización.

12 Con todo e alén do compromiso militante, é preciso unha xestión eficiente por  
13 parte da Área de Organización e das responsábeis comarcais, na procura da  
14 sistematización total do cobro das cotas a través da domiciliación, ou mantendo  
15 o rigoroso control dos censos e o respecto estrito dos períodos trimestrais para  
16 os cobros domiciliados das cotas. Deste xeito, unhas finanzas vizosas e  
17 consistentes permiten desenvolver o noso traballo político, reparando na  
18 necesidade da contención de gasto polo factor limitador do autofinanciamento,  
19 mais na procura da optimización e alargamento financeiro. Neste sentido,  
20 débese insistir na importancia de sistematizarmos e mellorarmos a xestión dos  
21 nosos recursos económicos, garantindo o seu uso eficiente e responsábel, e, ao  
22 mesmo tempo, procurarmos novas fórmulas de financiamento que reforzaren a  
23 nosa autonomía e estabilidade económica no medio e longo prazo.



## ESTATUTOS

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
10  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19  
20  
21  
22  
23  
24  
25  
26  
27  
28  
29  
30  
31  
32  
33  
34  
35  
36  
37  
38

### ***CAPÍTULO I: DA GALIZA NOVA***

#### **Artigo 1.-**

Galiza Nova, organización da mocidade do BNG, é unha organización xuvenil que asume como as súas funcións básicas o deseño e posta en práctica dunha política xuvenil nacionalista, de cara a vertebrar un movemento xuvenil galego comprometido coa liberación nacional e a transformación da nosa sociedade.

#### **Artigo 2.-**

Galiza Nova asume como propio o programa da fronte patriótica Bloque Nacionalista Galego, constituíndose na teoría e na práctica política na organización xuvenil ou mocidades do BNG, elaborando e desenvolvendo neste marco o seu programa de actuacións específicas.

#### **Artigo 3.-**

Galiza Nova vincúlase ao BNG de acordo co disposto no Protocolo de relación e integración da mocidade na estrutura frontista do BNG. Galiza Nova é, pois, unha organización integrada no BNG, dotada de órganos de dirección e finanzas e personalidade xurídica propios e diferenciados.

#### **Artigo 4.-**

Galiza Nova recoñece a pluralidade ideolóxica existente dentro do BNG e neste sentido adoptará os mecanismos oportunos que tendan a un recoñecemento explícito desta.

En particular, recoñécese o dereito á constitución de tendencias organizadas no seo da organización e a posibilidade de establecer as medidas necesarias para o seu recoñecemento e desenvolvemento dentro do marco organizativo e dirección propio da Galiza Nova.

### ***CAPÍTULO II: DA MILITANCIA***

#### **Artigo 5.-**

Poderá ser militante da Galiza Nova calquera persoa menor de 30 anos que así o desexe e que acate os principios propios da organización e estes Estatutos. A petición de entrada farase sempre de xeito individual, sendo a Dirección Comarcal o órgano que procederá a dar entrada no ámbito da súa comarca. Para os casos de afiliación colectiva será necesario o ditame favorábel da Dirección Nacional, reunida en sesión extraordinaria.

A admisión formal das solicitudes de alta na Galiza Nova farase pola Asemblea Comarcal correspondente constando en acta. A proposta de afiliación dunha nova persoa debe ser avalada, cando menos, por dúas militantes da Galiza Nova. En caso de a persoa interesada non coñecer ningún membro da Galiza Nova que a puidese avalar, a Dirección ou Asemblea Comarcal concertará unha



1 entrevista con ela para obter información necesaria da mesma e exporlle o  
2 ideario político e normas de funcionamento da organización. A Asemblea  
3 Comarcal poderá proceder así en cada caso que considere preciso. En calquera  
4 caso as peticións de alta na Galiza Nova serán tratadas e resoltas na primeira  
5 reunión ordinaria da Asemblea Comarcal.

6 Causarán baixa na Galiza Nova, para alén de polas razóns disciplinarias  
7 contempladas nestes Estatutos, todas as persoas afiliadas á Galiza Nova que,  
8 sen causa xustificada, non satisfagan a cota estipulada. Cando unha persoa  
9 afiliada á Galiza Nova estiver seis meses sen aboar a cotización, recibirá por  
10 escrito unha comunicación certificada dándolle o prazo dun mes para se pór ao  
11 día, cumprido o cal sen o facer, causará baixa. Se unha persoa afiliada, por  
12 razóns económicas, non puider satisfacer a cota estipulada, deberá comunicar  
13 esta situación á Asemblea Comarcal, quen, á vista dos datos, pode reducirlle a  
14 cota ou eximila temporalmente do deber de cotizar.

15 Toda persoa afiliada á Galiza Nova debe estar adscrita a unha única asemblea  
16 local e comarcal en que exercerá o seu dereito a voto, sen prexuízo de poder  
17 asistir eventualmente e sen dereito a voto ás reunións doutra asemblea comarcal  
18 ou local aquelas persoas con mobilidade de residencia ao longo do ano por  
19 razóns diversas. Galiza Nova é unha organización unitaria, por tanto, se unha  
20 asemblea comarcal denega unha petición de alta ou decide dar de baixa unha  
21 persoa afiliada, esta non pode ingresar noutra asemblea comarcal. En caso de  
22 conflito competencial entre comarcas, será a Dirección Nacional quen decida,  
23 cabendo tamén recurso perante a Comisión de Garantías e, en última instancia,  
24 perante a Asemblea Nacional.

25 Galiza Nova entregará copia das fichas da súa militancia aos consellos  
26 comarcais do BNG respectivos e comunicará por escrito, no momento de se  
27 produciren, os movementos de altas, baixas e traslados da súa afiliación;  
28 movementos de que, á súa vez, os consellos comarcais deberán dar conta aos  
29 organismos nacionais do BNG. Os consellos comarcais do BNG están  
30 capacitados para non admitir unha alta da Galiza Nova no caso de haber  
31 evidencias de que a persoa interesada ten posicións contraditorias coas  
32 definidas no Programa e Estatutos do BNG. Para alén disto, cada asemblea  
33 comarcal debe ter un libro de altas e baixas no local comarcal, con copias das  
34 fichas completas da militancia.

### 35 **Artigo 6.-**

36 Son dereitos da militancia:

- 37 a) Contribuír para definir a orientación política da Galiza Nova, participando
- 38 en todos os debates que se dean no seo da organización.
- 39 b) Elixir e ser elixida para os órganos de dirección da organización.
- 40 c) Criticar dentro dos órganos dos que faga parte calquera membro ou
- 41 órgano da Galiza Nova.



- 1 d) Recibir axuda en caso de problemas derivados da súa pertenza á Galiza
- 2 Nova.
- 3 e) Recibir formación, información e propaganda da organización.
- 4 f) Ser escoitada polo órgano pertinente en proceso disciplinar aberto contra
- 5 a súa persoa.
- 6 g) Empregar os medios materiais dos que dispón a organización.
- 7 h) Participar plenamente en todas as estruturas e organismos do BNG.
- 8 i) Participar nas actividades desenvolvidas pola Galiza Nova ou polo BNG.
- 9 j) Discrepar publicamente dos acordos tomados pola Galiza Nova, sempre
- 10 que isto non signifique boicotear a súa execución ou atentar contra a
- 11 unidade da organización.
- 12 k) Promover a constitución de tendencias no seo da Galiza Nova.
- 13 l) Calquera outro acto derivado da súa militancia no BNG.

#### 14 **Artigo 7.-**

15 Son deberes da militancia:

- 16 a) Empregar o idioma galego e defender a nosa cultura.
- 17 b) Respectar as canles orgánicas.
- 18 c) Espallar a propaganda da organización.
- 19 d) Cumprir co traballo que se lle encomende.
- 20 e) Cotizar coa cota que se marque.
- 21 f) Posibilitar a execución dos acordos tomados na Galiza Nova.
- 22 g) Cumprir e acatar os estatutos da Galiza Nova.
- 23 h) Participar nos movementos de masas apoiados pola nosa organización.

#### 24 **Artigo 8.-**

25 Calquera persoa afiliada causará baixa por calquera dos seguintes motivos:

- 26 a) Petición propia, presentada por escrito perante a correspondente
- 27 Asemblea Comarcal.
- 28 b) Deixar de cotizar durante seis meses.
- 29 c) Perda das condicións requiridas nos presentes Estatutos.
- 30 d) Por expulsión validamente acordada nos órganos competentes.

### 31 **CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA GALIZA NOVA**

#### 32 **Artigo 9.-**

33 Galiza Nova contará cos seguintes órganos:

- 34 a) Asemblea Nacional
- 35 b) Dirección Nacional
- 36 c) Comisión Permanente da Dirección Nacional
- 37 d) Asemblea Comarcal
- 38 e) Asemblea Local

#### 39 **Artigo 10.-**

40 A Asemblea Nacional é o máximo órgano de decisión da Galiza Nova; nela ten

41 dereito a participar toda a militancia dada de alta no prazo e forma decididos pola

42 Dirección Nacional. A Asemblea Nacional celebrárase de xeito ordinario cada



1 dous anos, debendo ser convocada pola Dirección Nacional con, cando menos,  
2 tres meses de antecedencia.

### 3 **Artigo 11.-**

4 A Asemblea Nacional Extraordinaria será convocada por acordos da Dirección  
5 Nacional a iniciativa propia ou a petición dun terzo da militancia, sendo  
6 convocada con, cando menos, un mes de antecedencia. Esta Asemblea  
7 Nacional só se poderá pronunciar sobre os temas obxectos nela.

### 8 **Artigo 12.-**

9 Son funcións da Asemblea Nacional:

- 10 a) Definir a orientación política da organización.
- 11 b) Analizar, debater e, no seu caso, aprobar o informe presentado pola  
12 Dirección Nacional saínte.
- 13 c) Aprobar e revisar os Estatutos da organización.
- 14 d) Elixir a composición da Dirección Nacional que lle corresponda e, de entre  
15 ela, a Secretaría Xeral.

### 16 **Artigo 13.-**

17 A Dirección Nacional é o órgano que dirixe a actividade da Galiza Nova no tempo  
18 que transcorre entre dúas asembleas nacionais, e está encargada de executar  
19 os acordos adoptados pola Asemblea Nacional.

### 20 **Artigo 14.-**

21 A Dirección Nacional está formada por unha representación da Asemblea  
22 Nacional igual ao número de agrupacións comarcais definidas pola Asemblea  
23 Nacional e por un representante elixido por cada asemblea comarcal.

24 Cando unha representante causar baixa da Dirección Nacional será substituída  
25 pola seguinte persoa da lista correspondente.

### 26 **Artigo 15.-**

27 Cada integrante da Dirección Nacional terá unha función específica de que  
28 renderá contas diante do mesmo órgano.

### 29 **Artigo 16.-**

30 A Dirección Nacional reunirase ordinariamente cada tres meses e de maneira  
31 extraordinaria a petición dun terzo dos membros da Permanente. A Dirección  
32 Nacional será convocada pola Secretaría Xeral, nominalmente e por escrito e  
33 cunha semana de antecedencia.

### 34 **Artigo 17.-**

35 No suposto de que a persoa que ostente a responsabilidade comarcal non poida  
36 acudir á reunión da Dirección Nacional, poderá designar unha persoa substituta  
37 que acuda en representación da comarca con voz, mais sen dereito a voto.

### 38 **Artigo 18.-**



1 Son funcións da Dirección Nacional:

- 2 a) Dirixir o traballo político e de organización da Galiza Nova de acordo coa
- 3 orientación definida na Asemblea Nacional.
- 4 b) Convocar as asembleas nacionais ordinarias e extraordinarias, así como
- 5 elaborar os documentos a debater nelas.
- 6 c) Elaborar as propostas de actuación e recoller a analizar as demandas da
- 7 base da organización.
- 8 d) Decidir sobre propostas colectivas de afiliación, adhesión ou integración.
- 9 e) Elixir a Permanente, podendo mudar, no seu caso, calquera das súas
- 10 integrantes, excepto as responsabilidades nacionais de Mulleres e
- 11 LGBT+.
- 12 f) Controlar o funcionamento e fiscalizar o traballo da Permanente. Definir
- 13 as relacións con outras organizacións a nivel nacional e internacional.
- 14 g) Planificar os recursos financeiros e aprobar o orzamento anual da
- 15 Organización.
- 16 h) Estabelecer a contía de cota de afiliación.
- 17 i) Nomear comisións ou grupos de traballo coa composición e atribucións
- 18 que considere pertinentes.
- 19 j) Elaborar e aprobar o seu regulamento e funcionamento interno.
- 20 k) Elixir a coordinadora do Servizo Nacional de Publicacións.
- 21 l) Interpretar estes Estatutos e resolver en caso de dúbidas en materia
- 22 estatutaria.
- 23 m) A creación, supresión, fusión e participación de agrupacións comarcais.
- 24 n) Transmitir ao BNG propostas de actuación social e institucional.
- 25 o) Render contas diante da Asemblea Nacional da súa xestión.
- 26 p) Xerar contidos formativos e fixar actividades nacionais de formación.

## 27 **Artigo 19.-**

28 A Comisión Permanente estará formada por 11 persoas, 9 delas serán elixidas

29 de forma directa pola Asemblea Nacional e corresponderán coas 9 primeiras da

30 candidatura á Dirección Nacional.

31 Caso haber varias listas para a Dirección Nacional, corresponderá a cada unha

32 delas un número de postos dos 9 a cubrir na Comisión Permanente directamente

33 proporcional ao número de votos obtidos, que serán ocupados seguindo a orde

34 de lista. Se a lista máis votada superar o 50 % dos votos, a persoa que a

35 encabezar ocupará a Secretaría Xeral. No caso contrario, haberá unha segunda

36 volta para escoller a Secretaría Xeral entre as persoas que encabezaren as dúas

37 listas máis votadas.

38 Cando unha representante cause baixa da Comisión Permanente, o seu posto

39 será cuberto con outra persoa designada na lista por que foi electa, mais sempre

40 formando parte da candidatura presentada na Asemblea Nacional.

41 As responsabilidades nacionais de Mulleres e LGBT+ serán incorporadas á

42 Comisión Permanente e á Dirección Nacional con voz e voto.

43 A Comisión Permanente contará, alén da Secretaría Xeral, cando menos coas

44 seguintes responsabilidades: responsábel de Organización, responsábel de

45 Finanzas, responsábel nacional de Mulleres, responsábel nacional LGBT+,



1 responsábel Institucional, responsábel de Formación, responsábel de Relacións  
2 Internacionais, responsábel de Publicacións e responsábel de Comunicación e  
3 de Proxección Pública.

#### 4 **Artigo 20.-**

5 Son funcións da Permanente:

- 6 a) Dar resposta a calquera problema ou feito de importancia que se presente  
7 entre reunións da Dirección Nacional.
- 8 b) Executar as decisións acordadas pola Dirección Nacional.
- 9 c) Facer un seguimento constante das actividades da organización,  
10 traballando a todos os niveis polo seu asentamento organizativo.
- 11 d) Convocar as xuntanzas da Dirección Nacional e da Comisión Nacional de  
12 Organización, presentándolle as propostas que considere oportunas.
- 13 e) Coordinar o funcionamento de todos os órganos da Galiza Nova, a fin de  
14 garantir a operatividade do conxunto da organización.
- 15 f) Propor a actividade formativa.
- 16 g) Aprobar os contidos do voceiro Mocidade.
- 17 h) Promocionar a proxección pública nos medios de comunicación e atender  
18 todo o relacionado coa propaganda.
- 19 i) Atender as relacións coas institucións.
- 20 j) Xestionar as finanzas nacionais, planificar o patrimonio e facer  
21 seguimento das transferencias.
- 22 k) Operar con entidades bancarias, solicitar créditos, abrir e cancelar contas;  
23 alén das potestades nese sentido dos órganos comarcais e locais.
- 24 l) Exercer o control nacional mensual de finanzas.
- 25 m) Elaborar o parte nacional mensual de finanzas.
- 26 n) Exercer solidariamente a representación xurídica, legal e económica da  
27 Galiza Nova, delegando na Secretaría Xeral a representación global.
- 28 o) Todas aquelas que lle delegar a Dirección Nacional, excepto aquelas  
29 recollidas nos puntos b), d), e), g), h), i) e o) do artigo 17.

#### 30 **Artigo 21.-**

31 A Permanente reunirse ordinariamente cada 15 días e extraordinariamente  
32 cando as circunstancias o requiriren. Será convocada pola Secretaría Xeral,  
33 podendo partir a iniciativa de calquera das persoas integrantes.

#### 34 **Artigo 22.-**

35 Existirá un departamento dependente da Permanente denominado Servizo  
36 Nacional de Publicacións. A Dirección Nacional elixirá de entre as integrantes a  
37 persoa coordinadora deste servizo.

#### 38 **Artigo 23.-**

39 Son funcións do Servizo Nacional de Publicacións as derivadas do traballo  
40 propagandístico, dos aspectos técnicos do voceiro Mocidade, da impresión das  
41 circulares internas e de todos aqueles traballos deste tipo que lle encomendar a  
42 Permanente. Así mesmo, deberá publicar baixo a dirección da propia  
43 Permanente, os documentos resultantes das asembleas nacionais no prazo máis



1 breve posíbel. Do mesmo xeito, este servizo asesorará e promoverá a edición  
2 de voceiros e revistas de carácter local e comarcal.

### 3 **Artigo 24.-**

4 1.- Son funcións da Secretaría Xeral:

- 5 a) Representar publicamente a organización.
- 6 b) Representar Galiza Nova nos órganos de dirección do BNG.
- 7 c) Convocar as reunións dos órganos de dirección.
- 8 d) Levar un seguimento da actividade política.
- 9 e) Coordinar o traballo da Permanente.

10 2.- Son funcións da Responsabilidade de Organización:

- 11 a) Levar o seguimento da situación organizativa.
- 12 b) Promover a expansión organizativa e o espallamento en xeral do proxecto  
13 da Galiza Nova.

14 3.- Son funcións da Responsabilidade de Finanzas:

- 15 a) Levar o seguimento continuo da situación financeira.
- 16 b) Ocuparse das finanzas da Galiza Nova seguindo as directrices do capítulo  
17 V destes Estatutos.

18 4.- Son funcións da Responsabilidade de Comunicación e Proxección Pública:

- 19 a) Coordinar os aspectos que se refiran á proxección pública da  
20 organización xunto á persoa encargada do SNP.
- 21 b) Estabelecer un diálogo e unha cooperación coa Responsabilidade de  
22 Comunicación do BNG para accións e cuestións concretas.
- 23 c) Coordinar o Grupo de Comunicación da Galiza Nova, de que pode  
24 participar a militancia que así o solicitar.

### 25 **Artigo 25.-**

26 Galiza Nova estrutura o seu labor sectorial nas seguintes áreas de traballo:

- 27 a) Universidade e Formación Profesional
- 28 b) Ensino Medio
- 29 c) Cultura
- 30 d) Feminismo
- 31 e) LGBT+
- 32 f) Ecoloxismo
- 33 g) Antimilitarismo e pacifismo
- 34 h) Emprego
- 35 i) Asociacionismo
- 36 j) Patrimonio
- 37 k) Antifascismo

### 38 **Artigo 26.-**

39 Galiza Nova estrutúrase en localidades e comarcas. Os seus organismos de  
40 base son as asembleas locais e comarcais, que se reunirán convocados pola  
41 responsábel local ou comarcal.



1 **Artigo 27.-**

2 As asembleas comarcais tentarán reunirse cunha periodicidade ordinaria de  
3 dous meses ou de forma extraordinaria cando así o vexa oportuno a Dirección  
4 Comarcal ou á petición de, polo menos, 2/3 da militancia. As asembleas locais  
5 poderán reunirse no espazo de tempo que se estime necesario sen solapar  
6 cuestións xa tratadas ou que correspondan ao ámbito comarcal. Terán como  
7 funcións debater e analizar a situación da localidade, da comarca ou a nivel  
8 nacional, así como elaborar ou propor liñas de traballo a desenvolver pola  
9 organización en calquera dos eidos nos que se poida implicar. A Asemblea Local  
10 e a Comarcal compóñense por todas a persoas militantes da zona á cal se  
11 circunscribe.

12 **Artigo 28.-**

13 Cada localidade contará cos grupos de traballo que estimar oportuno constituír,  
14 tendo en conta as características, circunstancias e prioridades que presente. A  
15 militancia da Galiza Nova integrárase en cada localidade no sector onde se  
16 desenvolverá o seu traballo político, sen prexuízo da súa colaboración con outros  
17 sectores.

18 **Artigo 29.-**

19 A Dirección Comarcal estará composta polas responsabilidades locais das  
20 distintas asembleas locais que conforman a comarca, a Responsabilidade  
21 Comarcal, a Vicerresponsabilidade Comarcal, a Responsabilidade de Finanzas,  
22 as militantes da comarca membros da Dirección Nacional e por calquera outra  
23 persoa militante que así o estimar oportuno a Asemblea Comarcal.

24 **Artigo 30.-**

25 Onde se considerar preciso, poderase formar a Dirección Comarcal, que se  
26 reunirá con periodicidade mensual. As súas funcións serán as de coordinar o  
27 traballo político a nivel comarcal e calquera tema que xurdir. Prestarán especial  
28 atención á expansión organizativa no ámbito da súa comarca.

29 **Artigo 31.-**

30 As asembleas locais e comarcais poderanse dotar dun regulamento interno que  
31 en ningún caso poderá entrar en contradicións con estes Estatutos e que será  
32 coñecido pola Permanente.

33 **CAPÍTULO IV: DA ASEMBLEA DE MULLERES DA GALIZA NOVA**

34 **Artigo 32.-** A Asemblea Nacional de Mulleres é o máximo órgano de decisión en  
35 temas de feminismo da Galiza Nova, da cal fan parte as mozas e persoas non  
36 binarias da Galiza Nova que así o solicitaren.

37 **Artigo 34.-** A Asemblea Nacional de Mulleres elixirá unha persoa responsábel  
38 que será de facto membro da Dirección Nacional, na que trasladará os acordos  
39 tomados pola mesma.

40 **Artigo 35-** No suposto de que a persoa que ostente a responsabilidade non  
41 puider acudir á reunión da Dirección Nacional, poderá designar unha persoa



1 substituta da Asemblea Nacional de Mulleres que acuda en representación  
2 desta, con voz mais sen dereito a voto.

3 **Artigo 36.-** A Asemblea Nacional Ordinaria de Mulleres reunirase nun máximo  
4 de 15 días antes de cada Dirección Nacional. Reunirase de maneira  
5 extraordinaria cando o solicitar 1/3 das persoas membro ou a propia responsábel  
6 nacional de Mulleres.

7 **Artigo 37.-** A Asemblea Nacional de Mulleres é un organismo de dirección  
8 horizontal, no que todas as que fan parte son corresponsábeis do traballo a  
9 desenvolveren desde a mesma. A Asemblea Nacional poderá crear grupos de  
10 traballo comarcais dos que poderán facer parte calquera membro da Asemblea  
11 Nacional de Mulleres da comarca se así o considerar.

12

### 13 ***CAPÍTULO V: DA ASEMBLEA LGBT+ DA GALIZA NOVA***

14 **Artigo 38.-** A Asemblea Nacional LGBT+ é o máximo órgano de toma de  
15 decisións neste eido na Galiza Nova, da cal fan parte as militantes LGBT+ da  
16 Galiza Nova que así o solicitaren.

17 **Artigo 39.-**

18 A Asemblea Nacional LGBT+ elixirá unha persoa responsábel que será de facto  
19 membro da Dirección Nacional, na que trasladará os acordos tomados pola  
20 mesma.

21 **Artigo 40.-**

22 No suposto de que a persoa que ostente a responsabilidade non puiden acudir á  
23 reunión da Dirección Nacional, poderá designar unha persoa substituta da  
24 Asemblea Nacional LGBT+ que acuda en representación desta, con voz mais  
25 sen dereito a voto.

26 **Artigo 41.-**

27 A Asemblea Nacional Ordinaria LGBT+ reunirase nun máximo de 15 días antes  
28 de cada Dirección Nacional. Reunirase de maneira extraordinaria cando o  
29 solicitar 1/3 das persoas membro ou a propia persoa responsábel nacional  
30 LGBT+.

31 **Artigo 42.-**

32 A Asemblea Nacional LGBT+ é un organismo de dirección horizontal, no que  
33 todas as que fan parte son corresponsábeis do traballo a desenvolveren desde  
34 a mesma. A Asemblea Nacional poderá crear grupos de traballo comarcais dos  
35 que poderán facer parte calquera membro da Asemblea Nacional LGBT+ da  
36 comarca se así o considerar.

### 37 ***CAPÍTULO VI: DAS FINANZAS***

38 **Artigo 43.-**



1 Galiza Nova ten un patrimonio propio que administrará segundo as disposición  
2 deste capítulo. O financiamento da organización provirá de:

- 3 a) As cotas da militancia
- 4 b) Os incrementos patrimoniais a título gratuito e subvencións, do tipo que
- 5 foren
- 6 c) A venda de publicacións ou calquera outro ben a nivel nacional
- 7 d) O endebedamento a través de créditos
- 8 e) Calquera outra fonte aprobada pola Dirección Nacional

#### 9 **Artigo 44.-**

10 As subvencións solicitadas ou concedidas a calquera nivel organizativo serán  
11 coñecidas pola Permanente, que renderá contas diante da Dirección Nacional.

#### 12 **Artigo 45.-**

13 As asembleas comarcais cubrirán trimestralmente un parte de finanzas comarcal  
14 en que figurarán ingresos e gastos, transferencias á Caixa Nacional, saldo e  
15 demais detalles financeiros, segundo o modelo que aprobe a Dirección Nacional.  
16 A copia deste será enviado á responsábel de Finanzas.

#### 17 **Artigo 46.-**

18 Existirá un parte de finanzas nacional que recollerá os movementos financeiros  
19 da Caixa Nacional. A Permanente exercerá o control deste parte. Calquera  
20 persoa da Dirección Nacional e da Comisión de Organización e Finanzas poderá  
21 coñecer o estado financeiro da Galiza Nova. En calquera caso, a Permanente  
22 fará coñecer á Dirección Nacional o estado global das contas da organización.

#### 23 **Artigo 47.-**

24 Existirá un libro nacional de finanzas baixo a Responsabilidade de Finanzas,  
25 onde figurarán datadas todas as transaccións realizadas a nivel nacional, co  
26 correspondente anexo de facturas e xustificantes.

#### 27 **Artigo 48.-**

28 Perante a Dirección Nacional darase conta da situación xeral das finanzas e do  
29 cumprimento dos obxectivos neste campo. A Dirección Nacional aprobará un  
30 orzamento anual para a organización durante o período do exercicio económico  
31 de referencia.

#### 32 **Artigo 49.-**

33 Estabelécese o seguinte sistema distributivo do total das cotizacións recadadas  
34 nun trimestre:

- 35 • 50 % dos ingresos por cotizacións por cada asemblea local ou comarcal
- 36 pasará a engrosar a Caixa Nacional.
- 37 • 50 % dos ingresos por cotizacións por cada asemblea local ou comarcal
- 38 pasará a engrosar a Caixa Local ou Comarcal, segundo o caso e na
- 39 porcentaxe que marquen os organismos locais e comarcais.

#### 40 **Artigo 50.-**



1 Cada asemblea local ou comarcal poderá contar coa súa propia caixa.

2 **Artigo 51.-**

3 A contía a recadar a través de cotas está en función do número de militantes de  
4 cada localidade ou comarca e do conxunto da nación. Por tanto, actualizarase o  
5 listado de militantes de cada comarca en cada reunión da Asemblea Local ou  
6 Comarcal, obtendo así a cifra exacta que cada comarca deberá achegar á Caixa  
7 Nacional en cada trimestre.

8 **Artigo 52.-**

9 A Permanente terá acceso a un inventario de bens e patrimonio propiedade da  
10 Galiza Nova a nivel nacional, que irá actualizando.

11 **Artigo 53.-**

12 Aínda que a contía das cotas ordinarias coincidirá co disposto en cada momento  
13 pola Dirección Nacional, existirá de xeito voluntario unha cotización  
14 extraordinaria das militantes.

15 ***CAPÍTULO VII: DAS RELACIÓNS CO BNG***

16 De acordo co disposto no Protocolo de relación e integración de organización da  
17 mocidade na estrutura frontista do BNG, Galiza Nova ten dereito a:

18 a) Estar representada en todos os órganos de dirección do BNG (Executiva  
19 e Consellos Nacional, Comarcal e Local). A Secretaría Xeral e as  
20 responsabilidades comarcais e locais serán a máxima responsabilidade  
21 da representación da Galiza Nova nos órganos do BNG.

22 No seu defecto, que a asemblea pertinente decida. Se unha comarca do  
23 BNG abrangue máis dunha da Galiza Nova ou viceversa, serán as  
24 asembleas comarcais implicadas as que arbitraren as medidas  
25 necesarias para garantir a representación.

26 b) A consideración da súa militancia como militantes de pleno dereito do  
27 BNG, escusándose de contribuír ás cotizacións.

28 c) Estar presente e ser tida en conta nos programas e planificacións  
29 organizativas que o BNG levar a cabo.

30 d) Actuar como organización autónoma do BNG para a elaboración teórica  
31 e a intervención práctica na especificidade da política xuvenil, sendo  
32 responsábel do desenvolvemento do proxecto político para o colectivo  
33 xuvenil.

34 **Artigo 54.-**

35 Galiza Nova procurará subscribir todo tipo de acordos co BNG a nivel nacional,  
36 comarcal e local, tendentes ao usufruto mutuo da infraestrutura que se posúa e  
37 ao financiamento do traballo político da Galiza Nova.

38 **Artigo 55.-**

39 Galiza Nova promoverá a implicación e integración da súa militancia en todas as  
40 estruturas do BNG.

41 ***CAPÍTULO VIII: DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO***



1 **Artigo 56.-**

2 Os acordos de calquera órgano local, comarcal ou nacional serán adoptados por  
3 maioría simple, salvo nos casos doutro xeito regulados nestes Estatutos ou no  
4 Regulamento de funcionamento interno do órgano en cuestión.

5 **Artigo 57.-**

6 As xuntas de calquera órgano consideraranse validamente constituídas en  
7 primeira convocatoria cando asistiren a metade máis unha das persoas  
8 integrantes, sempre que á reunión fosen convocadas todas as compoñentes do  
9 órgano, comunicándolles hora, data, lugar e orde do día con, cando menos, 48  
10 horas de antecedencia. En segunda convocatoria nun cuarto de hora, sexa cal  
11 for o número de asistentes e sempre que o acordaren por maioría simple. Non  
12 se considerará válida a ningún efecto calquera reunión, nin acordos tomados  
13 nela, que non se faga segundo o disposto nos presentes Estatutos.

14 **Artigo 58.-**

15 De cada reunión dos distintos órganos, levantarase acta, en que constarán as  
16 persoas asistentes, os acordos adoptados e as anotacións realizadas, debendo  
17 reflectir as intervencións que sexan solicitadas. As actas da Permanente,  
18 Dirección Nacional e Comisión Nacional de Organización serán coñecidas polos  
19 órganos de base.

20 **Artigo 59.-**

21 As eleccións para calquera responsabilidade faranse mediante voto secreto,  
22 sempre que concorra máis dunha persoa ou o solicite algunha das persoas  
23 asistentes.

24 ***CAPÍTULO IX: DA COMISIÓN DE GARANTÍAS***

25 **Artigo 60.-**

26 A Comisión de Garantías é o órgano encargado de velar durante o período  
27 interasemblea polo respecto ás normas de funcionamento da Galiza Nova e  
28 polos dereitos da afiliación, a democracia interna e a resolución de conflitos. A  
29 súa función é ditaminar se as sancións ou medidas disciplinarias aplicadas se  
30 axustan aos principios organizativos e aos presentes estatutos.

31 **Artigo 61.-**

32 A CG é un órgano colexiado que se rexe polos principios de independencia e  
33 imparcialidade.

34 A CG ten plenas facultades para facer valer as súas resolucións por cima dos  
35 ditames da DN como órgano de recurso, quedando unicamente supeditada á  
36 Asemblea Nacional, que poderá ser convocada de xeito extraordinario para  
37 resolver en última instancia.

38 **Artigo 62.-**

39 A CG está integrada por 5 persoas: unha designada pola Asemblea Nacional de  
40 Mulleres, outra pola Asemblea Nacional LGBT+, e as tres restantes escollidas



1 pola Dirección Nacional con base nas propostas elaboradas polas asembleas  
2 comarcais e após a Asemblea Nacional. A CG deberá constituírse na primeira  
3 Dirección Nacional do período interassemblear.

4 **Artigo 63.-**

5 Nas resolucións da Comisión de Garantías será necesario o voto afirmativo  
6 dunha maioría cualificada de 4 persoas.

7 **Artigo 64.-**

8 De se abrir un proceso de investigación a unha das persoas integrantes da CG,  
9 esta ficará automaticamente suspendida das súas funcións até se resolver o  
10 proceso.

11 No caso de sanción, causará baixa da CG.

12 **Artigo 65.-**

13 As integrantes da Comisión de Garantías non poden facer parte de ningún outro  
14 organismo da organización nin ostentar ningún cargo de responsabilidade na  
15 Asemblea Comarcal.

16 **Artigo 66.-**

17 As funcións da Comisión de Garantías son:

- 18 a) Interpretar estes Estatutos e as Teses Vixentes
- 19 b) Garantir os dereitos das persoas afiliadas
- 20 c) Resolver os recursos aos expedientes disciplinarios

21 ***CAPÍTULO X: DOS PROCESOS DE INVESTIGACIÓN***

22 **Artigo 67.-**

23 A Comisión de Investigación é o órgano encargado de resolver as denuncias  
24 presentadas na organización. Ante a presentación dunha denuncia á Dirección  
25 Nacional, esta conformará unha Comisión de Investigación para a resolución do  
26 conflito.

27 **Artigo 68.-**

28 A CI estará integrada por 3 persoas designadas pola Dirección Nacional que non  
29 formaren parte dela e pertencentes a comarcas distintas das persoas implicadas  
30 para garantir a imparcialidade.

31 **Artigo 69.-**

32 As integrantes da Comisión de Investigación non poden facer parte de ningún  
33 outro organismo da organización nin ostentar ningún cargo de responsabilidade  
34 na Asemblea Comarcal. As integrantes da CI non poden ser persoas liberadas  
35 da organización.

36 Caso o proceso estiver enmarcado no Protocolo contra as violencias machistas  
37 e LGBT+fóbicas, serán as correspondentes Asembleas Nacionais as  
38 encargadas de escolleren a CI.



1 **Artigo 70.-**

2 As funcións da Comisión de Investigación son:

- 3 a) Basearse nestes Estatutos e nas Teses vixentes para realizar a
- 4 investigación.
- 5 b) Garantir os dereitos das persoas afiliadas.
- 6 c) Velar pola democracia interna e garantir o correcto funcionamento da
- 7 organización conforme a estes Estatutos.
- 8 d) Velar pola aplicación do Protocolo contra as violencias machistas e
- 9 LGBT+fóbicas.

10 **Artigo 71.-**

11 Do procedemento de investigación.

- 12 a) Calquera militante da Galiza Nova pode solicitar a apertura dun proceso
- 13 de investigación pódose en contacto coa Dirección Nacional remitindo
- 14 unha solicitude de apertura de investigación relatando a relación de feitos
- 15 que a motivan. Este trámite será realizado por escrito mediante correo
- 16 postal ou correo electrónico.
- 17 b) Unha vez recibida a solicitude, a CI deberá notificar ás persoas afectadas
- 18 de xeito escrito a apertura do proceso de investigación.
- 19 c) A CI poderá, ademais, solicitar a comparecencia das persoas interesadas.
- 20 Ante calquera asunto que chegar á CI, esta comisión demandará das
- 21 persoas interesadas informes e/ou alegacións que deberán ser
- 22 entregados á comisión no prazo máximo de 15 días desde a solicitude.
- 23 d) O prazo para a resolución dos procesos de investigación será dun mes
- 24 desde a apertura e será comunicada por escrito ás persoas interesadas.
- 25 e) A CI poderá propor sanción ao fin do proceso de investigación segundo
- 26 estes Estatutos.
- 27 f) A CI elaborará un informe após a finalización da investigación para
- 28 trasladar á Dirección Nacional, no cal se recollerá de xeito pormenorizado
- 29 o procedemento e, de habela, a proposta ou propostas de sancións.

30 **Artigo 72.-**

31 Do proceso de elaboración do Protocolo contra as violencias machistas e

32 LGBT+fóbicas.

- 33 a) Protocolo contra as violencias machistas e LGBT+fóbicas é o documento
- 34 da Galiza Nova que establece o procedemento de actuación perante as
- 35 situacións de violencia machista e LGBT+fóbicas no seo da nosa
- 36 organización respondendo aos nosos principios básicos, considerando
- 37 ambas as loitas como transversais da nosa teoría e praxe militante.
- 38 b) O protocolo será revisado e actualizado a petición da ANM ou a
- 39 ANLGBT+.
- 40 c) A aprobación final do protocolo terá lugar na Asemblea Nacional
- 41 Conxunta (ANC), resultado da suma da ANM e da ANLGBT+, e será
- 42 ratificado pola Dirección Nacional.
- 43 d) Da ANC participarán todas as mozas e persoas LGBT+ militantes que así
- 44 o desexaren.



- 1 e) O regulamento da ANC será elaborado polas responsabilidades nacionais  
2 de Mulleres e LGBT+ cando esta se convocar.  
3 f) Unha vez aprobado, o protocolo estará dispoñíbel na páxina web da  
4 Galiza Nova no prazo máximo dun mes.

## 5 **CAPÍTULO XI: DO RÉXIME DISCIPLINARIO**

### 6 **Artigo 73.-**

7 Calquera actuación atentatoria contra os principios da Galiza Nova ou do BNG  
8 ou calquera violación flagrante do seu ordenamento estatutario será motivo de  
9 sanción, atendendo á súa gravidade.

### 10 **Artigo 74.-**

11 A Dirección Nacional é o órgano competente para ditaminar as sancións. Tales  
12 ditames poden ser recorridos perante a CG ou a ANE en última instancia.

### 13 **Artigo 75.-**

14 Galiza Nova rexerese no réxime de dereitos e obrigas da súa afiliación polos  
15 mesmos principios xenéricos que rexen no BNG, adaptados ao seu ámbito  
16 específico de actuación. En caso de conflito competencial entre os órganos do  
17 BNG e Galiza Nova, resolverá o Consello Nacional do BNG.

### 18 **Artigo 76.-**

19 As sancións poderán ser leves, graves ou moi graves.

### 20 **Artigo 77.-**

21 Das sancións.

22 Son causas de sanción dunha persoa militante:

- 23 a) Boicotear a posta en práctica das decisións maioritarias da organización.  
24 b) Actuar contrariamente ao programa e ás resolucións da Asemblea  
25 Nacional.  
26 c) Manter actitudes ou prácticas que danen a organización.

27 As sancións serán ditaminadas pola Dirección Nacional como máximo órgano de  
28 dirección entre períodos asemblearios. En virtude da gravidade dos actos que  
29 se sancionaren, as medidas que se poderán adoptar son:

- 30 a) Advertencia  
31 b) Retracción  
32 c) Destitución dos cargos que ocupa  
33 d) Suspensión da militancia  
34 e) Expulsión da Galiza Nova  
35 f) Calquera outra medida que for considerada pertinente

## 36 **DISPOSICIÓN XERAIS**

### 37 **PRIMEIRA.-**



1 A modificación destes Estatutos corresponde exclusivamente á Asemblea  
2 Nacional e a súa interpretación á Dirección Nacional.

3 **SEGUNDA.-**

4 As organizacións ou colectivos xuvenís de ámbito local, comarcal ou nacional  
5 poderán establecer fórmulas de asociación coa Galiza Nova. O acordo de  
6 adhesión debe ser aprobado pola Dirección Nacional. Os termos organizativos,  
7 económicos ou de calquera tipo estableceranse no propio acordo de adhesión,  
8 debendo este ser ratificado pola Asemblea Nacional.

9 **TERCEIRA.-**

10 O proceso de eleccións internas ordinarias na estrutura da Galiza Nova  
11 realizarase con posterioridade á celebración da Asemblea Nacional, de cara a  
12 adaptala ás posíbeis modificacións que a Asemblea Nacional acordar nos  
13 Estatutos.

14 **CUARTA.-**

15 Os Estatutos do BNG serán, en todo caso, supletivos aos presentes.

16 ***DISPOSICIÓN DERRADEIRA***

17 **ÚNICA.-**

18 Fican derogadas as anteriores normas estatutarias.